

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DOCUMENTALMENTE SIMPLIFICADA POLO PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, TRAMITACIÓN ORDINARIA, NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA E VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DA SUBMINISTRACIÓN DUNHA EMBARCACIÓN TIPO 49ERFX (EXPEDIENTE 7/2019)

SUMARIO:

1.- RÉXIME DA CONTRATACIÓN

- 1.1.- Réxime xurídico e tipificación do contrato
- 1.2.- Contrato financiado con fondos propios
- 1.3.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación
- 1.4.- Prerrogativas da Administración
- 1.5.- Recursos
- 1.6.- Xurisdición competente

2.- ELEMENTOS DO CONTRATO

- 2.1.- Obxecto do contrato
 - 2.1.1.- Fraccionamento do obxecto do contrato en lotes
- 2.2.- Variantes e melloras
- 2.3.- Necesidade e idoneidade do contrato
- 2.4.- Referencia do expediente e da unidade administrativa xestora. Perfil do contratante e información aos licitadores
- 2.5.- Prazo de duración do contrato e de execución da prestación

3.- INFORMACIÓN ORZAMENTARIA DO CONTRATO

- 3.1.- Orzamento base de licitación e valor estimado do contrato
- 3.2.- Prezo do contrato
- 3.3.- Revisión de prezos
- 3.4.- Existencia de crédito

4.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR

- 4.1.- Capacidade para contratar
- 4.2.- Unións de empresarios

5.- HABILITACIÓN PROFESIONAL

6.- LICITACIÓN

- 6.1.- Presentación das proposicións, confidencialidade das ofertas e tratamento de datos de carácter persoal dos licitadores
 - 6.1.1.- Presentación das proposicións
 - 6.1.2.- Confidencialidade das ofertas
 - 6.1.3.- Tratamento de datos de carácter persoal dos licitadores
- 6.2.- Lugar e prazo de presentación das ofertas
- 6.3.- Forma de presentación das ofertas
 - 6.3.1.- Presentación da documentación nos procedementos con lotes
- 6.4.- Sistema de licitación electrónica da Xunta de Galicia (SILEX)
 - 6.4.1.- Obrigatoriedade do SILEX
 - 6.4.2.- Condicións de uso do sistema de licitación electrónica (SILEX)
- 6.5.- Clasificación das ofertas, adxudicación do contrato e notificación da adxudicación
 - 6.5.1.- Clasificación das ofertas. Proposta de adxudicación e requerimento de documentación



- 6.5.2.- Documentación a achegar polos licitadores non inscritos no ROLECE ou no RXC-Galicia
- 6.5.3.- Resolución e notificación da adxudicación
- 6.6.- Criterios de desempate
- 6.7.- Comunicacions electrónicas no procedemento de adxudicación

7.- DECISIÓN DE NON ADXUDICAR O CONTRATO E DESISTENCIA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN POLA ADMINISTRACIÓN

8.- FORMALIZACIÓN: PRAZO E CONTIDO

9.- EXECUCIÓN DO CONTRATO

- 9.1.- Forma de execución
- 9.2.- Prazo de execución e prórroga do contrato
- 9.3.- Responsabilidade do contratista
- 9.4.- Gastos de entrega e recepción, outros gastos e impostos por conta do contratista
- 9.5.- Responsable do contrato
- 9.6.- Suspensión da execución do contrato
- 9.7.- Outros dereitos e obrigas das partes
 - 9.7.1.- Forma de pagamento e transmisión dos dereitos de cobro
 - 9.7.2.- Facturación electrónica
 - 9.7.3.- Obrigas laborais e sociais
 - 9.7.4.- Discapacidade e igualdade
 - 9.7.5.- Confidencialidade e deber de sixilo do adxudicatario
 - 9.7.6.- Protección de datos de carácter persoal
 - 9.7.7.- Deberes de subministración de información e transparencia
 - 9.7.8.- Cumprimento do compromiso de adscrición de medios e das condicións especiais de execución
 - 9.7.9.- Propiedade intelectual e industrial
- 9.8.- Réxime de penalidades
 - 9.8.1.- Incumprimentos do contrato e penalidades
 - 9.8.2.- Procedemento de imposición de penalidades

10.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO

- 10.1.- Modificación do contrato
- 10.2.- Cesión e subcontratación

11.- SUCESIÓN DA PERSOA DO CONTRATISTA

12.- EXTINCIÓN DO CONTRATO

- 12.1.- Extinción do contrato
- 12.2.- Cumprimento do contrato e recepción da subministración
- 12.3.- Garantía da subministración
- 12.4.- Resolución do contrato
- 12.5.- Devolución ou cancelación da garantía

ANEXOS AO PRESENTE PREGO

- Anexo I. Orientacións para cumprimentar o DEUC.
- Anexo II. Declaración responsable complementaria ao DEUC.
- Anexo III. Modelo de proposición económica e outros criterios avaliáveis de forma automática.



1.- RÉXIME DA CONTRATACIÓN

1.1.- Réxime xurídico e tipificación do contrato

O contrato ao que se refire o presente prego de cláusulas particulares ten carácter administrativo e ambas as dúas partes quedan sometidas expresamente á Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP), (BOE núm. 272, do 9 de novembro de 2017); e en todo o que non se opoña a esta Lei, quedan sometidas tamén ao Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento da lei de contratos das administracións públicas (BOE núm. 257, de 26 de outubro de 2001) (en adiante RXLCAP); ao Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos del sector público (BOE núm. 118, de 15 de maio de 2009), ou as normas regulamentarias que os substitúan, á lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, á Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e demais normas e disposicións de igual ou inferior rango, que modifiquen ou complementen as anteriores, e que sexan de aplicación, e ás cláusulas contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares.

O presente prego de cláusulas administrativas particulares, o cadro de características e o documento da Asociación Internacional da clase 49erFX terán carácter contractual. En caso de discrepancia entre o presente prego e calquera do resto de documentos contractuais prevalecerá o presente prego, no que se conteñen os dereitos e obrigas que asumen as partes do contrato. O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos ou dos documentos anexos que forman parte deste non exime ao contratista da obriga do seu cumprimento.

O contrato tipifícase como un contrato administrativo de subministración de conformidade co previsto no artigo 16 da LCSP.

1.2 Contrato financiado con fondos propios

1.3.- Procedemento de adxudicación e forma de tramitación

Para a adxudicación da presente contratación aplicarase o procedemento aberto simplificado conforme ao previsto nos artigos 131 e 159.6 da LCSP.

A tramitación do expediente será ordinaria, salvo cando no cadro de características deste prego se indique que se tramitará de forma urxente. En tal caso, resultará de aplicación o previsto nos artigos 119 e 159.5 de la LCSP.

1.4.- Prerrogativas da Administración

O órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar o contrato e resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento. Igualmente, poderá modificar os contratos por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ao contratista a raíz da execución do contrato, suspender a execución do mesmo acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e efectos sinalados no artigo 190 da LCSP e no RXLCAP.

Nos procedementos que se instrúan para a adopción de acordos relativos ás prerrogativas establecidas no artigo anterior, deberá darse audiencia ao contratista, e os acordos que



adopte o órgano de contratación poñerán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos de conformidade co establecido no artigo 191.4 da LCSP.

En atención ao establecido nos artigos 132.3 da LCSP e 23.3 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os órganos de contratación notificarán á Comisión Galega da Competencia calquera feito do cal teñan coñecemento no exercicio das súas funcións que poida constituir infracción da lexislación de defensa da competencia. En particular, comunicarán calquera indicio de acordo, decisión ou recomendación colectiva, práctica concertada ou conscientemente paralela entre os licitadores que teña por obxecto, produza ou poida producir o efecto de impedir, restrinxir ou falsear a competencia no proceso de contratación.

1.5.- Recursos

Os actos que se diten nos procedementos de adxudicación de contratos administrativos que non reúnan os requisitos do artigo 44.1 da LCSP poderán ser obxecto de recurso de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, así como na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

1.6.- Xurisdición competente

Conforme ao artigo 27.1 da LCSP, a orde xurisdicional contencioso-administrativa será a competente para a resolución das cuestións litixiosas relativas á preparación, adxudicación, efectos, modificación e extinción dos contratos administrativos.

2.- ELEMENTOS DO CONTRATO

2.1.- Obxecto do contrato

O obxecto da presente contratación é a realización da subministración que se indica no apartado 1 do cadro de características deste prego de cláusulas administrativas particulares, coas condicións establecidas neste prego e no prego de prescricións técnicas, no seu caso.

A clasificación de produtos por actividades (CPA-2008) segundo o Regulamento (CE) núm. 451/2008, do Parlamento Europeo e do Consello de 23 de abril de 2008, é a sinalada no apartado 1 do cadro de características do prego.

A codificación correspondente á nomenclatura Vocabulario Común de Contratos (CPV) da Comisión Europea, establecida pola Recomendación da Comisión Europea de 30 de xullo de 1996, segundo o Regulamento (CE) 213/2008, é a sinalada no apartado 1 do cadro de características do prego.

2.1.1.- Fraccionamento do obxecto do contrato en lotes

Cando non se prevea no apartado 2 do cadro de características a división en lotes, considerarase que o obxecto deste contrato ten carácter global, incluíndo a totalidade da subministración a realizar e quedando excluída a posibilidade da súa licitación e adxudicación mediante lotes, de acordo coa xustificación efectuada no expediente en cumprimento do disposto no artigo 99.3 da LCSP.

Cando así se estableza no apartado 2 do cadro de características deste prego, o obxecto do contrato dividirse en lotes separados constitutivos dunha unidade funcional e susceptibles, polo tanto, de ser realizados de forma independente. Neste caso, poderase licitar pola totalidade ou por algún ou algúns dos lotes descritos no cadro de características. No



suposto de licitar pola totalidade especificarase, en todo caso, a oferta de cada lote, de conformidade co previsto neste prego.

De conformidade co previsto no artigo 99.4 da LCSP e no cadro de características poderá limitarse o número de lotes para os que un mesmo candidato ou licitador pode presentar oferta, e tamén poderá limitarse o número de lotes que poden adxudicarse a cada licitador. Tanto o número de lotes obxecto destas limitacións como os criterios que resultarán de aplicación cando un mesmo licitador teña presentado a mellor oferta nun número de lotes que exceda do máximo serán os indicados no cadro de características.

2.2.- Variantes e melloras

Cando para a adxudicación se teñan en conta criterios distintos do prezo, o órgano de contratación poderá tomar en consideración as variantes que ofrezan os licitadores. Neste suposto, os requisitos mínimos, modalidades e características das mesmas, así como a súa necesaria vinculación co obxecto do contrato serán os indicados no apartado 9 do cadro de características.

No caso de que se establezan as melloras como criterios de adxudicación do contrato, os requisitos, límites, modalidades e características das mesmas, así como a súa vinculación co obxecto do contrato serán os especificados no apartado 9 do cadro de características deste prego.

2.3.- Necesidade e idoneidade do contrato

As necesidades administrativas a satisfacer, a idoneidade do obxecto e o contido do contrato para satisfacelas son as sinaladas no apartado 1 do cadro de características deste prego de cláusulas administrativas particulares.

2.4.- Referencia do expediente e da unidade administrativa xestora. Perfil do contratante e información aos licitadores

A referencia do expediente e a información sobre a unidade administrativa xestora do órgano de contratación é a que se indica no apartado 22 do cadro de características deste prego. O perfil de contratante está aloxado na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia www.contratosdegalicia.es (en diante PCPG) onde se poderá consultar toda a documentación e información de relevancia deste procedemento.

De conformidade co disposto no artigo 138 da LCSP e no número 2 do artigo 22 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, o órgano de contratación ofrecerá acceso aos pregos e demais documentación complementaria por medios electrónicos a través do perfil do contratante, acceso que será libre, directo completo e gratuito, e poderá efectuarse dende a data de publicación do anuncio de licitación.

Os órganos de contratación proporcionarán a todos os interesados no procedemento de licitación, a mais tardar 3 días antes de que remate o prazo fixado para a presentación de ofertas, aquela información adicional sobre os pregos e demais documentación complementaria que estes soliciten, a condición de que a tivesen pedido cunha antelación mínima de 7 días naturais antes do fin do prazo de presentación de proposicións ou das solicitudes de participación. As respostas serán vinculantes para o órgano de contratación e publicaranse na PCPG.

Excepcionalmente, por razóns técnicas xustificadas ou razóns de confidencialidade, os interesados poderán examinar os pregos e documentación complementaria nas oficinas sinaladas no anuncio de licitación e no propio perfil.



2.5.- Prazo de duración do contrato e de execución da prestación

A duración do contrato, o prazo de execución total, os prazos de execución parciais, ser for o caso, ou a data de inicio das subministración son os que figuran no apartado 3 do cadro de características do contrato.

Segundo o disposto no artigo 29.4 da LCSP, os contratos de subministración de prestación sucesiva terán un prazo máximo de duración de 5 anos, incluíndo as posibles prórrogas que acorde o órgano de contratación, respectando as condicións e límites establecidos nas respectivas normas orzamentarias que sexan aplicables ao ente contratante.

A admisibilidade de prórroga indicárase no apartado 3 do cadro de características.

A prórroga acordárase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario sempre que o seu preaviso se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración, de conformidade co previsto no artigo 29 da LCSP.

No suposto de que o contrato se prorrogue, manteranse inalterados os prezos unitarios iniciais, sen prexuízo das posibles revisións de prezos que procedan, de conformidade co establecido na cláusula 3.3 deste prego.

3.- INFORMACIÓN ORZAMENTARIA DO CONTRATO

3.1.- Orzamento base de licitación e valor estimado do contrato

Por orzamento base de licitación, entenderase o límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE). Este orzamento base de licitación é o fixado no apartado 1.2 do cadro de características.

Para todos os efectos entenderase que o devandito orzamento base de licitación comprende todos os gastos, directos ou indirectos, que o contratista deba realizar para a normal execución do servizo e toda clase de taxas e impostos directos ou indirectos que resulten de aplicación segundo as disposicións vixentes.

No suposto de licitación por lotes desagregárase no apartado 2.2 do cadro de características o orzamento máximo de licitación por cada un dos lotes e se indicará o orzamento de gasto máximo da totalidade dos lotes.

O valor estimado do contrato será o indicado no apartado 1.4 do cadro de características e determinarase de conformidade coas previsións do artigo 101 da LCSP. No caso de que o valor estimado do contrato non coincida co orzamento base de licitación, farase constar tal circunstancia no cadro de características.

A distribución por anualidades que abarca este contrato está fixada no apartado 2.1 do cadro de características. De ser o caso, de conformidade co establecido no artigo 58.2 do Decreto Legislativo 1/1999, de 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia (DOG núm. 214, de 5 de novembro de 1999), a autorización de gastos de carácter plurianual subordinárase aos créditos que para cada exercicio económico se consigne nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.

O órgano de contratación ten a facultade de axustar as anualidades, cando as esixencias de execución o aconsellen, de conformidade co procedemento legalmente establecido.



3.2.- Prezo do contrato

O sistema de determinación do prezo deste contrato axustarase ao disposto no artigo 102 da LCSP e será o consignado no apartado 1.3 do cadro de características.

No suposto de prezo a tanto alzado, no apartado 1.2 do cadro indicárase o orzamento máximo de licitación.

Nos contratos de subministracións nos que o empresario se obrigue a entregar unha pluralidade de bens de forma sucesiva e por prezo unitario, sen que o número total de entregas incluídas no obxecto do contrato se defina con exactitude ao tempo de celebrar este por estar subordinadas as mesmas ás necesidades da Administración, no apartado 1.2 do cadro de características se indicarán os prezos máximos unitarios de licitación, o número de unidades estimadas así como o orzamento de gasto máximo que se prevexa para o contrato. Nestes supostos o gasto efectivo estará condicionado polas necesidades reais da Administración contratante, que polo tanto non queda obrigada a contratar unha determinada contía de unidades nin a gastar a totalidade do importe indicado.

Cando así se prevexa no cadro de características, no caso de que durante a vixencia do contrato, as necesidades reais fosen superiores ás estimadas inicialmente, tramitárase a correspondente modificación con anterioridade ao esgotamento do orzamento máximo inicialmente aprobado, reservándose a tal fin o crédito necesario para cubrir o importe máximo das novas necesidades.

3.3- Revisión de prezos

A procedencia ou non da revisión de prezos periódica e predeterminada, o sistema, índice ou fórmula de revisión de prezos aplicable á presente contratación, así como o seu sistema de aplicación, de ser o caso, indícanse no apartado 6 do cadro de características do contrato, de acordo co previsto nos artigos 103 a 105 da LCSP. O sistema, índice ou fórmula indicados tamén se aplicarán no caso de prórroga do contrato.

3.4.- Existencia de crédito

O orzamento base de licitación do contrato de subministración será financiado con cargo á aplicación orzamentaria indicada no apartado 2.1 do cadro de características, na que se garante que existe crédito axeitado e suficiente.

No caso de que o contrato obxecto do presente prego prevexa a súa execución exclusivamente en anualidades posteriores ao presente exercicio, e sen prexuízo da súa formalización, a adxudicación do contrato queda sometida á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente para financiar as obrigas derivadas deste, de conformidade co establecido na Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998 sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas Ordes da Consellería de Economía e Facenda do 27 de novembro de 2000 e do 25 de outubro de 2001 e no artigo 117.2 da LCSP.

O financiamento deste contrato provén dos fondos indicados no apartado 2.1 do cadro de características.



4.- CAPACIDADE PARA CONTRATAR

4.1.- Capacidade para contratar

Segundo o disposto no artigo 65.1 da LCSP, poderán contratar co sector público as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non se atopen comprendidas nalgunhas das circunstancias inhabilitantes previstas no artigo 71 da LCSP e acrediten a súa solvencia económica e financeira, e técnica e profesional.

Non obstante, para o caso de que o procedemento se tramite de conformidade co previsto no artigo 159.6 da LCSP, se eximirá aos licitadores da acreditación da solvencia económica e financeira e técnica ou profesional.

As condicións de aptitude das empresas esixiranse de acordo co establecido no artigo 65 da LCSP e nos artigos 9 e 10 do RXLCAP, no que non se opoña ao citado texto legal.

As persoas xurídicas so poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a teor dos seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios.

As empresas non españolas dos Estados membros da Unión Europea ou dos Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo teñen capacidade para contratar sempre que, conforme á lexislación do Estado en que estean establecidas, se encontren habilitadas para realizar a prestación que constitúe o obxecto do contrato. A capacidade das empresas non comunitarias rexeranse polo disposto no artigo 68 da LCSP.

De conformidade co disposto no artigo 70 da LCSP o órgano de contratación tomará as medidas axeitadas para garantir que a participación na licitación das empresas que participasen previamente na elaboración das especificacións técnicas ou dos documentos preparatorios do contrato ou asesorasen ó órgano de contratación durante a preparación do procedemento de contratación, non falsee a competencia.

4.2.- Unións de empresarios

As unións de empresarios que se constitúan temporalmente para o efecto poderán, así mesmo, presentar proposicións, sen que sexa necesaria a formalización das mesmas en escritura pública ata que se teña efectuado a adxudicación do contrato ao seu favor, de conformidade co disposto no artigo 69 da LCSP.

Os empresarios que concorran agrupados en unións temporais quedarán obrigados solidariamente e deberán nomear un representante ou apoderado único da unión, con poderes bastantes para exercer os dereitos e cumprir as obrigas que do contrato se deriven ata a extinción do mesmo, sen prexuízo da existencia de poderes mancomunados que poidan outorgar para cobros e pagamentos de contía significativa.

A efectos da licitación, os empresarios que desexen concorrer integrados nunha unión temporal deberán indicar os nomes e circunstancias dos que a constitúen e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal no caso de resultar adxudicatarios do contrato.

Os empresarios que estean interesados en formar as unións temporais poderán darse de alta no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (ROLECSP), que especificará tal circunstancia. Se xa estivesen inscritos no citado Rexistro



unicamente deberán comunicarlle a este, na forma que se estableza regulamentariamente, o seu interese no sentido indicado.

Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación deberá acreditar a súa capacidade de obrar. Salvo que no apartado 1 do cadro de características se indique que o procedemento se tramitará de conformidade co disposto no artigo 159.6 da LCSP, cada un dos empresarios da agrupación deberá acreditar tamén a solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, de conformidade aos artigos 74 e seguintes e 86 e seguintes da LCSP, e aos artigos 9 a 16 do RXLCAP, sen prexuízo da posibilidade de acumulación a efectos da solvencia establecida no artigo 24 do RXLCAP, así como da clasificación de conformidade co disposto no artigo 52 do RXLCAP.

A duración das unións temporais de empresarios será coincidente, polo menos, coa do contrato ata a súa extinción.

5.- HABILITACIÓN PROFESIONAL

No suposto de que se esixa unha habilitación empresarial ou profesional para a realización das actividades ou prestación obxecto do contrato, poderá especificarse esta no apartado 5.4 do cadro de características do prego. En calquera caso o licitador é responsable de estar en posesión das habilitacións esixidas pola normativa que sexa de aplicación e de acreditar que conta coas mesmas.

6.- LICITACIÓN

6.1.- Presentación das proposicións, confidencialidade das ofertas e tratamento de datos de carácter persoal dos licitadores

6.1.1.- Presentación das proposicións

Todos os licitadores que se presenten a esta licitación deberán estar inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (ROLECE) ou, no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (RXC-Galicia) na data final de presentación de ofertas sempre que non se vexa limitada a concorrència.

Sen prexuízo da aplicación das obrigacións de España derivadas de acordos internacionais, as persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo deberán xustificar mediante informe que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite, pola súa vez, a participación de empresas españolas na contratación cos entes do sector público asimilables aos enumerados no artigo 3, en forma substancialmente análoga. O dito informe será elaborado pola correspondente oficina económica e comercial de España no exterior e xuntarase coa documentación que se presente.

Non obstante, atendendo ao indicado na Recomendación da Xunta Consultiva de Contratación Pública do Estado de 24 de setembro de 2018, tamén poderán concorrer á licitación aquelas empresas que tivesen solicitado a inscrición no ROLECE ou no RXC-Galicia con anterioridade á finalización do prazo de presentación de ofertas e non obtivesen a dita inscrición. En caso de que ditas empresas fosen propostas como adjudicatarias, deberán acreditar a súa capacidade para contratar e que non están incursas en prohibición de contratar na forma e no momento previstos na cláusula 6.5 deste prego.

As proposicións presentaranse nun único sobre ou arquivo electrónico polo licitador ou, de ser o caso, polo representante legal da entidade na forma prevista na cláusula 6.4 deste prego, referida ao Sistema de licitación electrónica da Xunta de Galicia (SILEX).



Se se trata dunha unión temporal de empresas, indicaranse os datos de cada un dos empresarios, e o sobre ou arquivo deben ir asinados polos representantes de cada unha das empresas integrantes da unión.

Os interesados deberán presentar as súas ofertas referidas á totalidade do obxecto do contrato. Non obstante, en caso de división do obxecto do contrato en lotes, os interesados poderán presentar ofertas referidas a un, a varios ou á totalidade dos lotes, salvo que no apartado 2.2 do cadro de características do contrato se limite o número de lotes a que se poden presentar.

Cada interesado poderá presentar só unha oferta en relación co obxecto do contrato, ou do lote ou lote aos que licite. Cando se permita a presentación de variantes ou melloras no apartado 9 do cadro de características, as variantes ou melloras incluídas na oferta deberán suxeitarse ás condicións establecidas.

O empresario que presente a súa oferta en unión temporal con outros empresarios non poderá, pola súa vez, presentar oferta individualmente, nin figurar en mais dunha unión temporal participante na licitación. No suposto de que o obxecto do contrato se atope fraccionado en lotes, esta prohibición tamén será de aplicación en relación con cada lote da licitación.

O incumprimento do sinalado no parágrafos anteriores dará lugar á inadmisión de todas as ofertas subscritas polo licitador.

A presentación de proposicións presume por parte do licitador a aceptación incondicional das cláusulas deste prego, e do prego de prescricións técnicas. No suposto de contratos con financiamento europeo a presentación de proposicións supón a aceptación por parte do licitador de que se finalmente é seleccionada a súa proposta vai aparecer na lista pública prevista no artigo 115, apartado 2 do Regulamento (UE) 1303/2013 do Parlamento Europeo e do Consello de 17 de decembro.

O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar esixidos para contratar coa Administración será o día de finalización do prazo de presentación das proposicións e subsistir no momento da formalización do contrato. En todo caso, o órgano de contratación, para garantir o bo fin do procedemento, poderá solicitar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adjudicación, que os licitadores acheguen documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para seren adjudicatarios do contrato.

Toda a documentación que presenten os licitadores deberá ser documentación orixinal ou ben copias que teñan carácter de auténticas ou compulsadas conforme a lexislación vixente na materia. Os documentos deben presentarse en lingua galega ou castelá. A documentación redactada noutra lingua deberá ir acompañada da correspondente tradución oficial para a lingua galega ou castelá.

No caso de ser considerado un contrato reservado acollido á disposición adicional cuarta da LCSP os centros especiais de emprego ou as empresas de inserción laboral deberán acreditar que dispoñen de tal cualificación mediante certificación do correspondente rexistro público ou documentación que a substitúa.

6.1.2.- Confidencialidade das ofertas

Os licitadores deberán identificar a información e/ou documentación incluída na súa proposición que consideren que debe tratarse como confidencial, co alcance previsto nos parágrafos seguintes e no artigo 133 da LCSP.



Esta identificación deberá realizarse na declaración complementaria do Anexo II deste prego e no propio documento confidencial sinalándoo como tal en forma sobreimpresa no mesmo, á súa marxe ou de calquera outra forma visible.

Para que esta identificación sexa válida, os licitadores deberán xustificar expresamente no Anexo II os motivos ou circunstancias polos que se considera que a información sinalada ten o carácter de confidencial por afectar a segredos técnicos ou comerciais ou por poder ser utilizada para falsear a libre competencia, indicando así mesmo os concretos prexuízos económicos que o seu acceso podería ocasionar, para os efectos de que o órgano de contratación poida verificar o mantemento dun adecuado equilibrio dos dereitos de todos os licitadores, sen que sexa admisible que os licitadores efectúen unha declaración xenérica ou declaren que toda a información e/ou todos os documentos teñen carácter confidencial. Tampouco será admisible unha declaración insuficientemente xustificada.

A designación de confidencialidade unicamente afectará a documentos que teñan unha difusión restrinxida e en ningún caso a documentos que sexan publicamente accesibles.

Nos casos nos que o licitador non efectúe a declaración de confidencialidade, ou ben se efectúe unha declaración xenérica ou incompleta, non se xustifiquen as razóns polas que considera que a documentación reviste carácter confidencial, ou se declare que a totalidade do contido da proposición ten o dito carácter, o órgano de contratación quedará exonerado de calquera responsabilidade pola divulgación dos documentos ou datos aportados polos licitadores realizada en cumprimento das súas obrigas legais de transparencia e publicidade.

En calquera caso, o deber de confidencialidade do órgano de contratación non poderá impedir a divulgación pública de partes non confidenciais dos contratos celebrados, tal e como indica o artigo 133 LCSP.

De acordo co previsto no artigo 154.7 LCSP, o órgano de contratación pode non comunicar determinados datos relativos á celebración do contrato cando considere, xustificándoo debidamente no expediente, que a divulgación desta información pode obstaculizar a aplicación dunha norma, resultar contraria ao interese público ou prexudicar intereses comerciais lexítimos de empresas públicas ou privadas ou a competencia leal entre elas, entre outros. Neste suposto, deberá observarse o procedemento previsto no artigo 154.7 con carácter previo a decisión de non publicar os datos isto non sexa preciso.

Unha vez presentadas as proposicións non se permitirá sinalar como confidenciais datos ou documentos que non fosen designados como tales no momento da súa presentación.

6.1.3.- Tratamento de datos de carácter persoal dos licitadores

Os datos persoais que os licitadores faciliten para a participación no presente procedemento de contratación e no seu caso, para o adecuado desenvolvemento do contrato, serán tratados de conformidade co previsto na cláusula 9.7.7 deste prego.

6.2.- Lugar e prazo de presentación das ofertas

As ofertas presentaranse na forma indicada nos apartados seguintes, dentro do prazo sinalado no apartado 8 do cadro de características deste prego, así como anuncio de licitación e no perfil do contratante.



6.3.- Forma de presentación das ofertas

A presentación das ofertas esixirá a declaración responsable do asinante respecto de ostentar a representación da empresa que presenta a oferta, a contar coa axeitada solvencia económica, financeira e técnica; a contar coas autorizacións necesarias para exercer a actividade; a non estar incurso en prohibición de contratar algunha, e pronunciarse sobre a existencia do compromiso ao que se refire o artigo 75.2 de integración da solvencia con medios externos, nos supostos nos que proceda.

Adicionalmente, no caso de que a empresa fora estranxeira, a declaración responsable incluirá o sometemento ao foro español.

As ofertas constarán **dun único sobre ou arquivo electrónico** que conterá:

1º.- A declaración do licitador indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración.

Para tal fin, os licitadores deberán achegar o Documento Europeo Único de Contratación (en adiante DEUC).

O DEUC configúrase como unha declaración formal que achegan os licitadores ou operadores económicos no momento da presentación das ofertas, substituíndo os certificados expedidos por autoridades públicas ou por terceiros, e polo que se confirma que o operador económico cumpre as condicións seguintes:

- Que non se atopa en ningunha das situacións de exclusión ou posible exclusión previstas na normativa de contratos.
- Que cumpre os criterios de selección pertinentes (criterios de solvencia).

Os licitadores poden acceder ao servizo electrónico para cumprimentar o DEUC a través do seguinte enlace: <https://ec.europa.eu/tools/espd/filter?lang=es>. Neste caso, o formulario, dispoñible en castelán, poderá cumprimentarse na dirección web indicada para enviarse ao órgano de contratación xunto co resto da oferta.

Así mesmo, o modelo do DEUC poderá obterse na páxina web da Consellería de Facenda a través dos seguintes vínculos:

- versión en galego: <http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/xunta-consultiva-de-contratacion-administrativa/procedemento-de-contratacion>

- versión en castelán: <http://www.conselleriadefacenda.es/es/areas-tematicas/patrimonio/xunta-consultiva-de-contratacion-administrativa/procedemento-de-contratacion>

Na Parte IV do DEUC (titulada “Parte IV: Criterios de selección”), os licitadores deberán cumprimentar exclusivamente a sección “α: Indicación global relativa a todos os criterios de selección”. Por tanto, non están obrigados a cubrir as seccións A, B, C e D da devandita Parte IV do DEUC.

Para facilitar aos licitadores o proceso de cumprimentar o DEUC, inclúense as orientacións relativas ao mesmo no Anexo I deste prego

2º.- Xunto co DEUC, os licitadores deberán presentar en todo caso a declaración responsable complementaria ao DEUC segundo o modelo que figura como Anexo II deste prego, asinada polo representante legal da empresa.



3º.- No suposto en que varios empresarios concorran agrupados nunha unión temporal, presentarase unha declaración responsable por cada empresa participante na que figurará a información requirida nestes casos no formulario do DEUC; así mesmo deberán presentar unha declaración complementaria (Anexo II) por cada unha das empresas que compoñen a UTE.

Adicionalmente achegarase o compromiso de constituír a unión temporal, asinado por todos os representantes das empresas que integran a unión, no que indiquen o nome e circunstancias dos que a constitúen e a participación de cada un, así como que asumen o compromiso de constituírse formalmente en unión temporal no caso de resultar adxudicatarios do contrato. No compromiso deberá designarse a persoa física que durante a tramitación do procedemento de contratación e ata a adxudicación do contrato ostentará a representación de todos eles fronte á Administración, de conformidade co establecido no artigo 69.3 da LCSP.

4º.- Cando así se estableza no cadro de características do prego, nos casos en que o empresario recorra á solvencia e medios doutras empresas de conformidade co establecido no artigo 75 da LCSP, cada unha delas tamén deberá presentar unha declaración responsable na que figure a información pertinente de acordo co DEUC.

5º.- Documentación relativa aos criterios avaliábeis mediante fórmulas matemáticas

No mesmo sobre ou arquivo incluírase a seguinte documentación:

A proposición económica e a relativa aos outros criterios avaliábeis de xeito automático mediante a aplicación de fórmulas que se establecen no apartado 10 do cadro de características do prego. A proposición económica deberá formularse estritamente conforme ao modelo que figura no Anexo III ao presente prego.

A proposición económica presentarase escrita a máquina e non se aceptarán aquelas que teñan omisións, erros ou borranchos que impidan coñecer claramente o contido da oferta a xuízo da Administración. A cantidade ofertada consignarase en cifra.

A formulación da proposta económica terá carácter global, polo que inclúe todos os factores de valoración e tributos que se devindiquen por razón do contrato, tendo presente que na proposición deberá indicarse, como partida independente, o importe do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) que deberá ser repercutido, de conformidade co establecido no artigo 139.4 da LCSP.

Enténdese que a oferta económica inclúe todas as taxas e impostos, directos e indirectos, e arbitrios municipais que graven a execución do contrato.

Os licitadores deberán indicar na súa proposición a marca, modelo, e denominación comercial do nivel de acabado da embarcación ofertada.

En canto ao rexeitamento de proposicións estarase ao disposto no artigo 84 do RXLCAP.

6.3.1.- Presentación da documentación nos procedementos con lotes

Se o contrato admite a súa división en lotes, esta circunstancia indicarse no apartado 2.2 do cadro de características. Neste caso o licitador deberá expresar, mediante unha declaración o lote ou lotes aos que presenta a súa oferta.



O órgano de contratación poderá limitar o número de lotes a que un mesmo candidato ou licitador pode presentar oferta, así como limitar o número de lotes que poden ser adjudicados a cada licitador. Dita información constará no apartado 2.2 do cadro de características.

Serán excluídos do procedemento aqueles licitadores que incumpran o establecido nos parágrafos anteriores.

Polo que se refire á presentación da oferta económica cada licitador presentará inescusablemente unha única proposición económica, nos termos sinalados anteriormente, por cada lote ou lotes aos que licite.

As empresas que optasen á contratación por lotes independentes presentarán propostas diferenciadas para cada un dos lotes aos que concorran, de conformidade co previsto neste prego. As ofertas económicas dos licitadores non poderán exceder do orzamento base de licitación de cada un dos lotes.

6.4.- Sistema de licitación electrónica da Xunta de Galicia (SILEX)

6.4.1.- Obrigatoriedade do SILEX

O contrato licitarase a través do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX), regulado pola Orde de 28 de xullo de 2010 (DOG núm. 169, do 2 de setembro), tal como se indica no apartado 1.1 do cadro de características.

O uso do SILEX será obrigatorio para os licitadores, de modo que non se admitirán proposicións que non se presenten a través deste sistema. A súa utilización permite a presentación de ofertas, o envío e recepción de documentos e a sinatura electrónica do contrato.

Os licitadores, para presentar as súas ofertas a través do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX), deberán ter en conta as especificacións e condicións indicadas nos apartados seguintes.

6.4.2.- Condicións de uso do sistema de licitación electrónica (SILEX)

6.4.2.1.- Condicións xerais

Modo de acceso ao SILEX: www.conselleriadeconomia.es/silex

A presentación da oferta mediante o SILEX, supón a aceptación expresa e o consentimento do licitador para a obtención dos datos da empresa que constan no Rexistro Oficial de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, aos únicos efectos da comprobación dos seus datos para esta licitación.

As ofertas enviaranse libres de código malicioso que dificulte ou imposibilite a súa lectura e será responsabilidade dos licitadores velar por que isto así sexa. En calquera caso, a mera presenza de código malicioso na oferta non determinará por si mesma exclusión desta, sempre que se poida ter acceso ao seu contido.

O sistema de licitación electrónica garante que as ofertas enviadas polos licitadores sexan emitidas e rexistradas de forma que sexa imposible coñecer o seu contido salvo no momento e polo persoal autorizado legalmente para elo. A tal efecto, as ofertas son remitidas á unidade que tramita o expediente, cifradas e fragmentadas.



Garantírase así mesmo, mediante un dispositivo electrónico, que a apertura das proposicións non se realiza ata que remate o prazo para a súa presentación, polo que, de conformidade co previsto no artigo 157.4 da LCSP, non se celebrará acto público de apertura das mesmas.

En cumprimento co sinalado no artigo 159.6.e) as ofertas presentadas e a documentación relativa á valoración das mesmas serán accesibles de forma aberta por medios informáticos sen restrición ningunha dende o momento en que se notifique a adxudicación do contrato, sen prexuízo das normas aplicables sobre confidencialidade.

As proposicións presentadas, tanto as declaradas admitidas como as rexeitadas sen abrir ou as desestimadas unha vez abertas, serán arquivadas no seu expediente.

6.4.2.2.- Requisitos dos licitadores

- Deben contar cun certificado electrónico válido emitido por unha autoridade certificadora das admitidas pola Consellería de Facenda. A relación dos certificados admitidos pódese consultar en <http://www.conselleriadefacenda.es/servizos-e-tramites/ov-perceptores/certificados-electronicos-admitidos>.

- Se a documentación que se achegue fora xerada por unha entidade ou organismo diferente do licitador, deberá incluír o código de verificación que permita por parte do órgano de contratación a consulta electrónica directa do documento na sede electrónica ou portal da entidade ou organismo que xerou o dito documento. No seu defecto a documentación achegada debe cumprir cos requisitos necesarios que garantan a súa eficacia e validez de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común, e no Capítulo VII do Decreto 198/2010, de 17 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración Electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dependentes.

6.4.2.3.- Requisitos do equipo informático, formatos electrónicos dos documentos e sinatura dixital de ofertas

- Para licitar no SILEX, deberánse cumprir os requisitos básicos que se indican no apartado “Axuda” da páxina principal: www.conselleriadefacenda.es/silex

- A documentación presentada no SILEX debe estar nun dos formatos seguintes: .doc, .odt, .xls, .ods, ppt, pdf, .rtf, .jpg, .bmp, .tiff, ou calquera outro dos admitidos no SILEX.

- Toda a documentación presentada será asinada dixitalmente polo propio SILEX mediante o certificado dixital do licitador no momento da presentación de ofertas. O sistema permite asinar dixitalmente a documentación da oferta por unha ou varias persoas.

- Calquera documento asinado dixitalmente con carácter previo á súa incorporación no SILEX deberá vir en formato pdf, e estar asinado co estándar de sinatura “PDF Advanced Electronic Signatures” (PAdES). Para a correcta sinatura dos documentos en formato PAdES, a Administración por á disposición dos licitadores a aplicación gratuíta SDX-II que permite a sinatura dos documentos pdf de acordo co estándar de sinatura PAdES. A aplicación SDX-II pódese descargar dende a páxina principal do SILEX.



6.5.- Clasificación das ofertas, adxudicación do contrato e notificación da adxudicación

6.5.1.- Clasificación das ofertas. Proposta de adxudicación e requirimento de documentación

Unha vez concluído o prazo de presentación de ofertas, a unidade administrativa dependente do órgano de contratación procederá, mediante dispositivo electrónico, ao descifrado e apertura das proposicións recibidas a través do SILEX e a realizar, a continuación, as seguintes actuacións:

1º.- Cualificar as declaracións responsables e a restante documentación administrativa. Cando se aprecien defectos emendables, concederáse aos licitadores un prazo de tres días naturais para emendalos.

Unha vez cualificada a documentación anterior e emendados, de ser o caso, os defectos ou omisións observados na documentación presentada, procederáse a determinar as empresas que deben ser excluídas do procedemento por non axustar as súas proposicións aos requirimentos do presente prego, e a avaliar e clasificar as ofertas dos licitadores admitidos, mediante a aplicación dos criterios previstos no apartado 10 do cadro de características.

Nos casos en que, tras a aplicación dos criterios de adxudicación se produza un empate entre dous ou máis ofertas, aplicaranse os criterios que, para o desempate, se establecen na cláusula 6.6 deste prego.

2º.- Realizar a proposta de adxudicación a favor do candidato que obtivese a mellor puntuación.

3º.- Comprobar no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia que a empresa proposta está debidamente constituída, que o asinante da proposición ten poder bastante para formular a oferta, e que non está incurso en ningunha prohibición de contratar.

4º.- De acordo co establecido polo artigo 159.6.b) da LCSP eximirase os licitadores da acreditación da solvencia económica e financeira, e técnica ou profesional, polo que o órgano de contratación, nos casos en que proceda, requirirá á empresa que obtivese a mellor puntuación, mediante comunicación electrónica, para que, no prazo de 7 días hábiles a contar dende o envío da citada comunicación, achegue a documentación xustificativa de que dispón efectivamente dos medios que se comprometése a adicar ou a adscribir á execución do contrato de conformidade co artigo 76.2 da LCSP.

No suposto en que o empresario teña que presentar calquera outra documentación que non estea inscrita nos rexistros de licitadores antes citados, terá que achegarse esta no mesmo prazo de 7 días hábiles.

Se a dita documentación ten defectos emendables, comunicaráselle á empresa proposta como adxudicataria e concederánselle tres días naturais para a emenda dos ditos defectos. Se transcorrido dito prazo o erro non fora emendado, segundo se establece no artigo 150.2 da LCSP entenderase que o licitador retirou a súa oferta. Se a retirada da oferta trae a súa causa en ter incorrido en falsidade ao efectuar a declaración responsable relativa ao cumprimento dos requisitos esixidos consonte ao artigo 141 da LCSP, o órgano de contratación iniciará o procedemento preceptivo para declarar a concorrencia da prohibición



de contratar regulada no artigo 71.1.e) da LCSP, sen prexuízo da adopción de calquera outra acción legal que á administración lle puidera corresponder.

No suposto sinalado no parágrafo anterior, efectuarase unha nova proposta de adxudicación a favor do seguinte candidato segundo a orde de clasificación das ofertas, e seguirase a continuación o procedemento establecido na presente cláusula.

En caso de que a oferta do licitador que obtivese a mellor puntuación se presuma que é anormalmente baixa por darse os supostos previstos no artigo 149 da LCSP, o órgano de contratación, realizadas as actuacións recollidas nos puntos 1º e 2º deste apartado, seguirá o procedemento establecido no apartado 10 do cadro de características deste prego.

6.5.2.- Documentación a achegar polos licitadores non inscritos no ROLECE ou no RXC-Galicia

No caso de que fose proposta como adxudicataria unha empresa que tivese solicitado a inscrición no ROLECE ou no RXC-Galicia con anterioridade á finalización do prazo de presentación de ofertas e non obtivese a dita inscrición, o órgano de contratación requiriralle mediante comunicación electrónica para que, no prazo de 7 días hábiles a contar dende o envío da citada comunicación, achegue a seguinte documentación xustificativa:

A) Os documentos que acrediten a personalidade xurídica do licitador, que serán os seguintes:

- Para os empresarios individuais será obrigatoria a presentación de fotocopia compulsada do Documento Nacional de Identidade (ou o que, no seu caso, o substitúa regulamentariamente), da persoa titular ou propietaria da empresa, así como a documentación acreditativa da alta no Imposto de Actividades Económicas no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato. Expresaranse as circunstancias persoais e o domicilio.

- Se a empresa fose persoa xurídica española, será obrigatoria a presentación de copia auténtica ou compulsada do Número de Identificación Fiscal e da escritura ou documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, así como a modificación das mesmas, debidamente inscritas, no seu caso, no Rexistro público que corresponda, segundo o tipo de personalidade xurídica de que se trate.

- A capacidade para contratar dos empresarios non españois de estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarase pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde están establecidos ou mediante declaración xurada nos termos que se establezan regulamentariamente. Cando a lexislación do Estado no que estean establecidas estas empresas esixa unha autorización especial ou a pertenza a unha determinada organización para poder prestar nel o servizo de que se trate, deberán acreditar que cumpren este requisito.

- A capacidade para contratar das persoas físicas ou xurídicas de Estados non pertencentes á Unión Europea ou de Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo acreditarase co informe da Misión Diplomática Permanente de España no Estado correspondente ou da Oficina consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa. Así mesmo deberán xustificar mediante informe que o Estado de procedencia da empresa estranxeira admite á súa vez a participación de empresas españolas na contratación con entes do sector público asimilables aos enumerados no artigo 3 da LCSP, en forma substancialmente análoga. O dito informe deberá ser elaborado pola



correspondente Oficina Económica e Comercial de España no exterior e acompañarase á documentación que se presente.

B) Os documentos que acrediten a representación, que son os seguintes:

- Se o licitador fose un empresario individual achegarase copia auténtica ou compulsada da escritura de poder notarial outorgada polo titular ou propietario da empresa.

- Se o licitador fose unha persoa xurídica, achegarase copia auténtica ou compulsada da escritura de constitución da sociedade e modificación, se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil con aqueles particulares dos estatutos ou acordos sociais dos que se deduza a dita representación. Se esta non resultase unicamente deles presentárase, ademais, escritura de poder notarial para xustificala, inscrita no Rexistro Mercantil, ou no seu caso no Rexistro público que corresponda.

Coa finalidade de xustificar adecuadamente a representación ante o órgano de contratación, achegarase o correspondente documento no que conste que o poder é declarado bastante por letrado da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia outorgado ao seu favor, no caso de que actuara en representación de terceiro ou de persoa xurídica.

C) As empresas estranxeiras presentarán unha declaración de someterse á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto poidan xurdir do contrato, con renuncia, se é o caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponderlle ao licitador.

En todo caso, as empresas estranxeiras presentarán os seus documentos debidamente traducidos de forma oficial ao idioma castelán ou galego.

D) As seguintes certificacións de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social:

- Certificación expedida pola Tesourería da Seguridade Social, ao amparo dos artigos 14 e 15 do RXLCAP, que acredite que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas coa Seguridade Social.

- Certificación expedida pola Axencia Tributaria de Galicia de non ter contraída débeda ningunha coa Facenda da Comunidade Autónoma de Galicia.

- Certificación expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, ao amparo dos artigos 13 e 15 do RXLCAP, que acredite que o licitador se atopa ao corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias.

- A xustificación da alta no Imposto de Actividades Económicas (IAE) no epígrafe correspondente ao obxecto do contrato, ao amparo dos artigos 13 e 15 do RXLCAP, que se acreditará mediante a presentación da certificación da alta referida ao exercicio corrente, ou ben co derradeiro recibo do IAE completado cunha declaración de non terse dado de baixa na matrícula do citado imposto.

As persoas naturais ou xurídicas, pertencentes ou non a Estados membros da Unión Europea que non teñan domicilio fiscal en España, deberán presentar certificación expedida por autoridade competente no país de procedencia, acreditativa de atoparse ao corrente no cumprimento das correspondentes obrigas tributarias. Así mesmo, deberán presentar certificación, tamén expedida por autoridade competente, na que se acredite que se atopan ao corrente no cumprimento das obrigas sociais que se esixan no país da súa nacionalidade.



E) Proba da efectiva disposición dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato de conformidade co disposto no artigo 76.2 da LCSP.

F) Orixinal ou copia auténtica ou compulsada da solicitude de inscrición no ROLECE ou no RXC-Galicia, ou do resgardo xustificativo da súa presentación.

De conformidade co establecido no artigo 140.4. da LCSP as circunstancias relativas á capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar ás que se refiren os apartados anteriores, deberán concorrer na data de finalización do prazo de presentación de ofertas e subsistir no momento da perfección do contrato.

6.5.3.- Resolución e notificación da adxudicación

Se a documentación que figura no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas ou no Rexistro de Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia é correcta, ou no suposto de que o licitador cumprira satisfactoriamente o requirimento efectuado, o órgano de contratación adxudicará o contrato a favor do licitador proposto como adxudicatario, procedéndose unha vez adxudicado á súa formalización segundo o previsto na cláusula 8 deste prego.

O órgano de contratación non poderá declarar deserta a licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste prego.

A adxudicación acordarase polo órgano de contratación en resolución motivada e notificarase aos candidatos e licitadores debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días de conformidade do artigo 151.1 da LCSP. A notificación e a publicidade deberán conter a información necesaria que permita aos interesados no procedemento de adxudicación interpoñer recurso suficientemente fundado contra a decisión da adxudicación, e en todo caso deberá figurar naquela:

a) En relación cos candidatos descartados, a exposición resumida das razóns polas que se desestimase a súa candidatura.

b) Con respecto aos licitadores excluídos do procedemento de adxudicación, os motivos polos que non se admitise a súa oferta e un detalle das valoración asignadas aos distintos licitadores, incluíndo o adxudicatario.

c) En todo caso, o nome do adxudicatario, as características e vantaxes da proposición do adxudicatario determinantes de que se seleccionase a oferta deste con preferencia respecto das que presentasen os restantes licitadores cuxas ofertas fosen admitidas.

Na notificación indícarase o prazo en que debe procederse á formalización do contrato conforme ao establecido no apartado 3 do artigo 153 da LCSP.

A notificación realizarase por medios electrónicos de conformidade co establecido na Disposición Adicional 15ª da LCSP.

6.6.- Criterios de desempate

Nos casos en que, tras a aplicación dos criterios de adxudicación se produza un empate entre dous ou máis ofertas prevalecerán aquelas que cumpran, á finalización do prazo de presentación de ofertas, os requisitos de preferencia, e por a orde establecida, que se sinalan a continuación:

En primeiro lugar:



A empresa que conte no seu cadro de persoal cunha porcentaxe de traballadores con discapacidade superior ao 2 por cento:

1. A empresa dedicada especificamente á promoción e inserción laboral de persoas en situación de exclusión social.
2. Se varias empresas licitadoras das que tiveran empatado en canto á proposición mais vantaxosa acreditan ter relación laboral con persoas con discapacidade nunha porcentaxe superior ao 2 por cento, terá preferencia na adxudicación do contrato a empresa que dispoña da maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade no seu cadro de persoal.

En segundo lugar:

1. En primeira instancia, e de conformidade ao establecido no artigo 75 c) do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (DOG núm. 32, de 17 de febreiro de 2016), a obtención da Marca Galega de Excelencia en Igualdade da dereito a unha preferencia na adxudicación dos contratos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Se a empresa fixese uso desta preferencia, estará obrigada a manter os parámetros de igualdade durante o prazo fixado na adxudicación que, de o contrato resultar de execución sucesiva, será igual á súa duración temporal.

2. En segunda instancia, e segundo o recollido no artigo 67.4 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (DOG núm. 32, de 17 de febreiro de 2016), as empresas que implantasen un plan de igualdade terán preferencia na adxudicación dos contratos da Comunidade Autónoma de Galicia sempre e cando as proposicións presentadas igualem nos seus termos ás máis vantaxosas dende o punto de vista dos criterios obxectivos que sirvan de base para a adxudicación.

As empresas deben acreditar a implantación do plan de igualdade. A acreditación da implantación do plan de igualdade nas empresas, realizarase mediante certificación expedida pola persoa titular da secretaría xeral do departamento da Administración autonómica competente en materia de traballo, logo da solicitude da empresa interesada.

No caso de existir igualdade na puntuación total acadada, e na aplicación da preferencia sinalada anteriormente, realizarase un sorteo nun acto público que se comunicará coa antelación suficiente aos licitadores.

A documentación acreditativa dos criterios de desempate a que se refire o presente apartado será achegada polos licitadores no momento en que se produza o empate, e non con carácter previo.

6.7.- Comunicacions electrónicas no procedemento de adxudicación

En virtude do disposto na Disposición Adicional 15^a da LCSP a tramitación dos procedementos de adxudicación dos contratos levará consigo a práctica da notificacións e comunicacions derivadas dos mesmos por medios exclusivamente electrónicos. As notificacións poderán realizarse mediante dirección electrónica habilitada ou mediante comparecencia electrónica.



Os prazos a contar dende a notificación computaranse dende a data do seu envío ou do aviso de notificación, se fose mediante comparecencia electrónica, sempre que o acto obxecto da notificación se publicase no mesmo día no Perfil do Contratante do órgano de contratación. En caso contrario os prazos computáranse dende a recepción da notificación polo interesado.

De acordo co anteriormente exposto as notificacións practícaranse de forma exclusivamente electrónica a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal (accesible na dirección: <https://notifica.xunta.gal/>). Pódese obter máis información acerca dos requisitos de acceso ao sistema accedendo á seguinte dirección web: <http://www.xunta.gal/notifica>.

Os licitadores deberán darse de alta no Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal indicando unha dirección de correo electrónico. Así mesmo os licitadores facilitarán ao órgano de contratación a dita dirección de correo electrónico ao presentar as súas proposicións. Este dato empregárase para enviar os avisos de posta a disposición das notificacións que se lle practiquen. No caso de non dispoñer da citada información, practícaranse as notificacións sen poder realizar ningún aviso.

Consonte ao artigo 43 da Lei 39/2015, do 1 de outubro as notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas cando se produza o acceso ao seu contido, porén, no caso de que no prazo de 10 días non se produza o acceso ao seu contido, entenderase rexeitada, salvo que de oficio ou a instancia do destinatario se comprobe a imposibilidade técnica ou material de acceso.

7.- DECISIÓN DE NON ADXUDICAR O CONTRATO E DESISTENCIA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN POLA ADMINISTRACIÓN

No caso de que o órgano de contratación decida non adxudicar ou celebrar un contrato ou desista do procedemento de adxudicación para o que se tivese efectuado a correspondente convocatoria, notificarao aos candidatos ou licitadores. A decisión de non adxudicar o ou celebrar o contrato ou a desistencia do procedemento poderán acordarse polo órgano de contratación antes da formalización, de acordo co disposto no artigo 152 da LCSP.

A decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato e a desistencia do procedemento determinará a compensación aos licitadores polos gastos en que se incorrese de conformidade cos criterios de valoración empregados para o cálculo de responsabilidade patrimonial da Administración, a través dos trámites do procedemento administrativo común.

8.- FORMALIZACIÓN: PRAZO E CONTIDO.

A formalización do contrato poderá efectuarse mediante a sinatura da aceptación polo contratista da resolución de adxudicación segundo o disposto no artigo 159.6.g) da LCSP.

Cando o adxudicatario sexa unha unión temporal de empresarios, dentro do prazo establecido para formalizar o contrato e con anterioridade á sinatura do contrato, deberán achegar escritura pública de constitución como tal unión temporal así como o NIF asignado.

En ningún caso se poderán incluír cláusulas que impliquen alteración nos termos da adxudicación.

No seu caso, o contrato deberá ser subscrito na sede do órgano de contratación ou no lugar que este indique. O documento no que se formaliza o contrato constitúe título suficiente para acceder a calquera rexistro público, non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, asumindo os correspondentes gastos, non podendo



incluírse en ningún caso no documento no que se formalice o contrato cláusulas que impliquen a alteración dos termos da adxudicación.

Se as causas de non formalización foran imputables á Administración, indemnizarase ao contratista dos danos e perdas que a demora lle poida ocasionar.

Cando o contrato implique o acceso do contratista a ficheiros que conteñan datos de carácter persoal de cuxo tratamento este non sexa o responsable no sentido do artigo 3.d) da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, o contratista terá a consideración de encargado do tratamento, para os efectos establecidos na dita lei orgánica e na súa normativa de desenvolvemento.

Neste suposto o acceso non se considerará comunicación de datos, por ser necesario para a realización da prestación do obxecto do contrato.

En todo caso e cando o contratista teña acceso a ficheiros en que consten datos de carácter persoal de cuxo tratamento este non sexa responsable, será necesario que no contrato, ou nun documento independente, se inclúan as cláusulas precisas co obxecto de regular o dito acceso, nos termos previstos na Lei Orgánica 15/1999 e na súa normativa de desenvolvemento, sen prexuízo do cumprimento dos demais requisitos establecidos na disposición adicional 25 da LCSP

9.- EXECUCIÓN DO CONTRATO

9.1.- Forma de execución

O contrato executarase con estrita suxeición ás estipulacións que figuran no contrato, neste prego e no prego de prescricións técnicas, documentos que teñen carácter contractual.

O contratista está obrigado a cumprir coas condicións especiais en relación coa execución do contrato, que de conformidade co artigo 202 da LCSP, se establecen no apartado 13 do cadro de características deste prego de cláusulas.

O lugar de entrega será o indicado no apartado 16 do cadro de características.

9.2.- Prazo de execución e prórroga do contrato

O contratista está obrigado a cumprir o prazo de execución do contrato que se recolle no apartado 3 do cadro de características do presente prego.

Deberá executarse a subministración obxecto do contrato no prazo máximo sinalado no apartado 3 do cadro de características do presente prego, ou no que ofertase o contratista na súa proposición, se é menor.

9.3.- Responsabilidade do contratista

A execución do contrato realizarase a risco e ventura do contratista segundo establece o artigo 197 da LCSP.

Segundo o establecido no artigo 300 da LCSP, calquera que sexa o tipo de subministración, o adxudicatario non terá dereito a indemnización por causa de perdas, avarías ou prexuízos ocasionados nos bens antes da súa entrega á Administración contratante, salvo que esta incorrera en mora ao recibilos.



Cando o acto formal de recepción dos bens sexa posterior á súa entrega, a Administración contratante será responsable da custodia dos mesmos durante o tempo que transcorra entre unha e outra.

Unha vez se teñan recibidos de conformidade pola Administración contratante bens ou produtos perecedoiros, será a Administración contratante a responsable da súa xestión, uso ou caducidade, sen prexuízo da responsabilidade do subministrador polos vicios ou defectos ocultos.

O contratista está obrigado ao cumprimento de todas as disposicións vixentes en relación coa actividade desenvolvida. Para empregar materiais, subministracións, procedementos e equipos na execución do obxecto do contrato deberá obter as cesións, permisos e autorizacións necesarias, dos titulares das patentes, modelos e marcas de fabricación correspondentes, correndo da súa conta o pago dos dereitos e indemnizacións por tales conceptos, sendo responsable de toda reclamación relativa á propiedade industrial e comercial e debendo indemnizar á Administración contratante por todos os danos e prexuízos que para a mesma poidan derivarse da interposición de calquera tipo de reclamacións.

O contratista quedará obrigado con respecto ao persoal que empregue na fabricación, entrega, distribución, instalación e montaxe da subministración obxecto do contrato, ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de lexislación laboral, de seguridade social e prevención de riscos laborais e de seguridade e saúde no traballo vixentes durante a execución do contrato.

O contratista deberá indemnizar cantos danos e prexuízos cause a terceiros derivados da execución do contrato, salvo que fosen consecuencia inmediata e directa dunha orde da Administración contratante (artigo 196 LCSP).

Cando o contratista ou persoas del dependentes, incorran en actos ou omisións que comprometan ou perturben a boa marcha do contrato, o órgano de contratación poderá esixir a adopción de medidas concretas para conseguir ou restablecer a boa orde na execución do pactado.

9.4.- Gastos de entrega e recepción, outros gastos e impostos por conta do contratista

Salvo pacto en contrario, os gastos de entrega e transporte dos bens obxecto da subministración ao lugar convindo serán de conta do contratista.

Se os bens non estivesen en estado de ser recibidos farase constar así no acta de recepción e daranse as instrucións precisas ao contratista para que emende os defectos observados ou proceda a unha nova subministración de conformidade co pactado.

Tanto nas ofertas presentadas polos interesados, como nos orzamentos de adxudicación enténdese comprendidos todas as taxas e impostos, directos e indirectos, e arbitrios municipais que graven a execución do contrato, que serán por conta do contratista, salvo o IVE que deba ser repercutido e soportado pola Administración contratante, que se indicará como partida independente.

Considéranse tamén incluídos na proposición do adxudicatario, e no prezo do contrato todos os gastos que resulten necesarios para a execución do contrato, incluídos os posibles desprazamentos.



En caso de financiamento do contrato con fondos estruturais e de investimento europeos (ESI) serán por conta do adxudicatario os gastos necesarios para a instalación dun cartel e/ou placa ou elaboración doutro material publicitario que resulten esixibles en cumprimento das obrigacións de estratexia ou plan de comunicación. Os requisitos de formato e contido esixibles ao cartel, placa ou outro material que resulte esixible serán especificados polo órgano de contratación.

9.5.- Responsable do contrato

Con independencia da unidade encargada do seguimento e execución ordinaria do contrato que figure neste prego, o órgano de contratación nomeará un responsable do contrato, que se encargará de supervisar a súa execución, e comprobará que a súa realización se axusta ao establecido no contrato, adoptará as decisións necesarias e cursará ao contratista as ordes e instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización técnica da prestación contratada. En particular, o responsable do contrato velará porque na execución do contrato non se produzan situacións que puidesen propiciar a existencia dunha cesión ilegal de traballadores ou dar lugar a declaración de relacións de laboralidade entre a Administración e o contratista.

Desta forma velará especialmente para que:

- a) O contratista proporcione a súa propia dirección e xestión no desenvolvemento do obxecto do contrato e sexa responsable da organización do servizo.
- b) O contratista, a través das persoas encargadas e designadas por el, se faga responsable de impartir aos seus traballadores as correspondentes ordes, criterios de realización do traballo e directrices de como distribuílo, de tal xeito que a Administración sexa allea a esta relacións laborais.
- c) Se canalicen a través das persoas encargadas designadas polo contratista as posibles incidencias que xurdan na execución do contrato.

O responsable do contrato deberá corrixir inmediatamente mediante calquera incidencia ou desviación na execución que poida supor infracción das regras mencionadas, así como dar parte da situación ao órgano de contratación.

9.6.- Suspensión da execución do contrato

Se a Administración acordase a suspensión do contrato ou esta tivese lugar por aplicación do artigo 198.5 da LCSP, levantarase unha acta na que se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución do contrato coas consecuencias sinaladas nos artigos 198 e 208 da LCSP e 103 do RXLCAP.

Acordada a suspensión, a Administración aboará ao contratista, no seu caso, os danos e perdas efectivamente sufridos por este, os cales se cifrarán conforme ao disposto no número 2 do artigo 208 da LCSP.

9.7.- Outros dereitos e obrigas das partes

9.7.1.- Forma de pagamento e transmisión dos dereitos de cobro

9.7.1.1.- Forma de pagamento



O adxudicatario terá dereito ao abono do prezo das subministracións efectivamente entregadas e formalmente recibidas pola Administración contratante de acordo coas condicións establecidas no contrato (artigo 301 da LCSP).

No contrato de subministración no que a determinación do prezo se realice mediante prezos unitarios, poderá incrementarse o número de unidades a subministrar ata a porcentaxe do 10% do prezo do contrato, sen que sexa preciso tramitar o correspondente expediente de modificación, sempre que se estableza así neste prego e se teña acreditada o correspondente financiamento no expediente orixinario do contrato. (artigo 301.2 da LCSP).

O pagamento do prezo realizarase de acordo cos prazos previstos no apartado 15 do cadro de características do presente prego, e logo de informe favorable ou conformidade do funcionario ou órgano directivo que reciba ou supervise o traballo ou, de ser o caso, do designado polo órgano de contratación como responsable deste.

A Administración contratante terá a obriga de aboar o prezo do contrato dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade cos bens entregados e se se demorase, deberá aboar ao contratista, a partir do cumprimento de dito prazo de trinta días, os xuros de demora e a indemnización por custos de cobro nos termos previstos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais. Para que teña lugar o inicio do cómputo do prazo para o devengo de xuros, o contratista debe cumprir coa obriga de presentar a factura ante o rexistro administrativo correspondente nos termos establecidos na normativa vixente sobre factura electrónica, no prazo de trinta días dende a data de entrega efectiva dos bens.

9.7.1.2.- Transmisión dos dereitos de cobro

Segundo se establece no artigo 200 da LCSP, os contratistas que teñan un dereito de cobramento fronte á Administración poderán cedelo de acordo a dereito, nos termos especificados no dito artigo.

Para que a cesión dese dereito de cobro teña plena efectividade fronte á Administración, será requisito imprescindible a notificación fidedigna á Administración do acordo de cesión.

A eficacia das segundas e sucesivas cesións dos dereitos de cobro cedidos polo contratista quedará condicionada ao cumprimento do disposto no parágrafo anterior.

Unha vez que a Administración teña coñecemento do acordo de cesión, o mandamento de pago haberá de ser expedido a favor do cesionario. Antes de que a cesión se poña en coñecemento da Administración, os mandamentos de pago a nome do contratista ou do cedente producirán efectos liberatorios.

As cesións anteriores ao nacemento da relación xurídica da que deriva o dereito de cobro non producirán efectos fronte á Administración. En todo caso, a Administración poderá opoñer fronte ao cesionario todas as excepcións causais derivadas da relación contractual.

9.7.2.- Facturación electrónica

Recoñecido o valor legal das facturas emitidas electronicamente no Real Decreto 1619/2012, de 30 de novembro, que aproba o Regulamento sobre as obrigas de facturación, e en atención ao previsto no artigo 4 da Lei 25/2013, de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público, coa periodicidade e forma establecida na cláusula anterior referida ao réxime de pagamentos, a presentación das facturas en formato electrónico será obrigatoria para as Sociedades



anónimas, sociedades de responsabilidade limitada, as Unións temporais de empresas, as agrupacións de interese económico (Lei 12/1991, de 29 de abril, de Agrupacións de Interese Económico), as agrupacións de interese económico europeas (Regulamento (CEE) n° 2137/85 do Consello, de 25 de xullo de 1985), as persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española e para os establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria.

As restantes persoas xurídicas e as persoas físicas aínda que non están obrigadas, presentaranas preferentemente, en formato electrónico.

Queda excluídas da obriga de facturación electrónica, de acordo coa Orde do 26 de febreiro de 2015 pola que se regulan o Punto xeral de entrada de facturas electrónicas e o Rexistro Contable de Facturas da Comunidade Autónoma de Galicia (publicada no *Diario Oficial de Galicia* núm. 50 do 13 de marzo de 2015) as facturas de importe igual ou inferior a 5.000 euros e as emitidas polos provedores de servizos prestados no exterior.

A citada Orde do 26 de febreiro de 2015, establece o Sistema Electrónico de Facturación da Xunta de Galicia (SEF) (regulado na Orde de 12 de febreiro de 2010, DOG núm. 31) como Punto xeral de entrada das facturas electrónicas para todas as entidades mencionadas no primeiro parágrafo deste apartado e o acceso ao SEF e á información sobre o mesmo será a través das seguintes URL: <http://conselleriadefacenda.es/factura> o <http://www.conselleriadefacenda.es/sicon/>

O pagamento realizarase polo importe establecido e acreditado, mediante a correspondente conformidade do xestor do contrato. O pagamento realizarase de acordo co establecido no apartado 15 do cadro de características.

9.7.3.- Obrigas laborais e sociais

En ningún caso, o outorgamento do contrato suporá a existencia dunha relación funcional ou laboral entre a Administración e o contratista.

Á extinción do contrato non poderá producir en ningún caso a consolidación das persoas que realizaran os traballos obxecto do contrato como persoal da Xunta de Galicia.

O persoal preciso para a execución do contrato dependerá exclusivamente da entidade adjudicataria, a cal terá tódolos dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador respecto deste, sendo a Administración contratante de todo allea ás referidas relacións. Por conseguinte, en ningún caso poderá alegarse dereito ningún polo referido persoal en relación coa Administración contratante nin esixirse a esta responsabilidades de calquera clase, como consecuencia das obrigas existentes entre o adjudicatario e os seus empregados, aínda no suposto de que os despedimentos ou medidas que a empresa adopte se baseen no incumprimento, interpretación ou resolución do contrato.

O/a adjudicatario/a comprométese a retribuír axeitadamente ao persoal destinado ao subministro, asumindo de forma directa e non podendo trasladar á Administración contratante o custo de calquera mellora nas condicións de traballo e/ou nas súas retribucións, xa sexa como consecuencia de convenios colectivos, pactos ou acordos de calquera índole, de xeito que, en ningún caso, poderá repercutir as referidas modificacións sobre o importe que se facturará polo subministro.

De acordo co artigo 122.2 da LCSP o contratista ten a obriga de cumprir as condicións salariais dos traballadores conforme ao convenio colectivo sectorial de aplicación, salvo que teñan recoñecidas outras condicións mellores a título individual.



O adxudicatario/a queda obrigado, respecto do persoal destinado ao contrato, ao cumprimento da normativa laboral, da Seguridade Social e de prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo que se encontre vixente en cada momento.

No caso de accidente ou prexuízo de calquera índole ocorrido aos traballadores con ocasión do exercicio dos seus cometidos, o/a adxudicatario/a cumprirá co disposto nas normas vixentes, baixo a súa responsabilidade, sen que estas alcancen de ningún modo á Administración contratante.

É responsabilidade da empresa contratista e dos seus encargados impartir todas as ordes, criterios de realización do traballo e directrices aos seus traballadores, sendo a Administración pública de todo allea a estas relacións laborais. Correspóndelle, así mesmo, á entidade contratista a vixilancia do horario de traballo dos traballadores, as posibles licencias horarias ou permisos ou calquera outra manifestación das facultades do empregador. En todo caso, na forma establecida nestes pregos, o contrato deberá quedar sempre convenientemente cuberto.

É responsabilidade da empresa contratista facilitar aos seus traballadores os medios materiais precisos para levar a cabo o seu traballo, agás aqueles que, se é o caso, se indiquen no prego de prescricións técnicas.

9.7.4.- Discapacidade e igualdade

A empresa que resulte adxudicataria en virtude da aplicación dos criterios de desempate relativos á discapacidade dos traballadores ou á igualdade, estará obrigada a manter os requisitos determinantes da aplicación dos ditos criterios durante todo o prazo de execución do contrato.

O cumprimento do establecido nesta cláusula terá a condición de obriga contractual esencial aos efectos da resolución do contrato de conformidade co previsto no artigo 211 da LCSP.

9.7.5.- Confidencialidade e deber de sigilo do adxudicatario

O adxudicatario deberá respectar o segredo profesional e, en consecuencia, manter absoluta confidencialidade e reserva sobre a totalidade dos documentos e informacións que lle sexan confiados para a formalización da súa oferta ou que sexan elaborados con ocasión da execución do contrato. Así mesmo, queda expresamente obrigado:

- A utilizar a devandita información exclusivamente no ámbito da relación contractual e para as finalidades previstas na mesma.
- A non comunicala, nin total nin parcialmente, a ningún terceiro sen autorización expresa do emisor salvo nos casos expresamente previstos na lei, esixindo idéntico compromiso ao persoal que empregue ou que con el colabore na execución do contrato.
- A facilitar o acceso á información unicamente ao persoal que a necesite para o desenvolvemento da devandita relación, a quen se comunicará a obriga de tratar a información á que se lles dá acceso con carácter estritamente confidencial.
- A aplicar medidas de cautela e protección e destruír en calquera momento a documentación escrita recibida se así o solicita a parte que a fornece.

Considerarase información confidencial aquela á que o adxudicatario acceda en virtude do presente contrato, especialmente a de tipo técnico ou tecnolóxico, de produción, de



mercadotecnia, administrativa, ou económico-financeira, sempre que non teña carácter público ou notorio. Este deber manterase durante un prazo mínimo de dez anos desde o coñecemento desa información. O contratista deberá gardar sigilo respecto aos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato e chegasen ao seu coñecemento con ocasión deste.

9.7.6.- Protección de datos de carácter persoal

O adxudicatario responsabilízase de que o tratamento de datos de carácter persoal que se poida realizar se fará con absoluto respecto das normas de seguridade, de acordo co establecido no Regulamento 2016/679 (UE) xeral de protección de datos persoais, e na Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal, e será, así mesmo, de aplicación a Disposición adicional vixésimo quinta LCSP, e demais normativa de aplicación. En caso de incumprimento do estipulado, a Administración contratante será responsable das infraccións que deriven do mesmo.

Tratamento de datos persoais do adxudicatario por parte do órgano de contratación:

Os datos persoais que o adxudicatario facilite para a participación no presente procedemento de contratación e no seu caso, para o adecuado desenvolvemento do contrato, serán tratados, na súa condición de responsable, pola Secretaría Xeral para o Deporte.

A lexitimación para o tratamento dos datos é o cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos ao responsable do tratamento en base á normativa vixente.

Os datos persoais proporcionados polo adxudicatario serán tratados coa finalidade de levar a cabo a tramitación xeral da contratación e o desenvolvemento das prestacións derivadas da mesma, polo que se conservarán mentres sexan necesarios para as devanditas finalidades e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente.

Así mesmo, determinados datos poderán ser publicados, nos termos previstos na lexislación vixente, a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios, a fin de dar a publicidade legalmente esixida ao procedemento de contratación.

No caso de que os adxudicatarios facilitasen datos de carácter persoal de terceiros, incluídos os relativos ao persoal ao seu servizo, previamente á súa inclusión deberán informar aos interesados dos extremos establecidos nos parágrafos anteriores.

Os interesados poderán acceder, suprimir e rectificar os seus datos así como exercitar outros dereitos segundo se explicita na información adicional en www.xunta.gal/proteccion-de-datos. Contacto Delegado de Protección de Datos (DPD): os interesados poderanse poñer en contacto co Delegado de Protección de Datos correspondente segundo o especificado en www.xunta.gal/proteccionde-datos.

9.7.7.- Deberes de subministración de información e transparencia

O adxudicatario deberá facilitarlle á Secretaría Xeral para o Deporte, cando se lle requira, a información relativa ao desenvolvemento da execución do contrato.

De conformidade co establecido no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas ou xurídicas adxudicatarias de contratos están obrigadas a subministrar á Administración á que se atopen vinculadas, logo de



requirimento, e nun prazo de 10 días hábiles, toda a información necesaria para o cumprimento pola Administración das obrigas previstas no Título I da citada Lei.

En cumprimento deste deber de información, unha vez formalizado o contrato e antes de comezar a súa execución, o contratista deberá designar, de entre os integrantes do seu cadro de persoal, a persoa responsable de subministrar a información, e comunicarllo ao órgano de contratación xunto cos seus datos de contacto.

O incumprimento da obriga de subministrar información á Administración por parte do adxudicatario así como a non contestación ao requirimento en prazo terá as consecuencias previstas no apartado 4 do citado artigo.

9.7.8.- Cumprimento do compromiso de adscrición de medios e das condicións especiais de execución

O contratista está obrigado a cumprir o compromiso de adscrición de medios persoais ou materiais que, como concreción das condicións de solvencia e de conformidade co artigo 76 da LCSP, de ser o caso, se esixa no cadro de características.

A este respecto, en relación co compromiso de adscrición de medios persoais e materiais para a execución do contrato, no seu caso, calquera modificación ou adición dos medios adscritos ao contrato efectuada polo contratista durante o transcurso dos traballos deberá ser previamente aprobada pola dirección do contrato, tendo en conta que as circunstancias profesionais do persoal substituto deberán ser equivalentes ás do persoal substituído.

Así mesmo, o contratista está obrigado a cumprir coas condicións especiais de execución do contrato que, de acordo co artigo 202 da LCSP en relación ás condicións de 13 do cadro de características deste prego.

O incumprimento tanto do compromiso de adscrición de medios como das condicións especiais de execución por causas imputables ao contratista poderá dar lugar á imposición de penalidades se así se indica no apartado 14 do cadro de características, ou á resolución do contrato cando así se estableza no apartado 18 do dito cadro.

Todas as condicións especiais de execución que formen parte do contrato serán esixidas igualmente a todos os subcontratistas que participen na execución do contrato.

9.7.9.- Propiedade intelectual e industrial

O contratista cédelle en exclusiva á Administración contratante a titularidade dos dereitos de propiedade intelectual, excepto os de carácter moral, así como os dereitos de propiedade industrial, sobre a totalidade das creacións resultado deste contrato. A Administración contratante adquirirá a propiedade intelectual do traballo obxecto do contrato dende o seu inicio e serán responsabilidade do contratista os prexuízos que poidan derivar contra tal dereito de propiedade por actuacións imputables a el.

A cesión abarca todas as modalidades de explotación actualmente recoñecidas pola lexislación vixente, tales como edición, representación gravacións e reproducións audiovisuais, informáticas etc.; todo isto inclúe calquera forma ou soporte legalmente admitido. Para tal efecto, o contratista terá que entregarlle ao órgano de contratación, en perfecto estado para o uso a que se destinan, os soportes orixinais que conteñan as creacións que resulten do contrato.



A cesión terá unha duración equivalente ao tempo máximo previsto na lexislación reguladora dos dereitos concedidos para a protección e uso destes. A cesión destes dereitos á Administración contratante non ten limitación ningunha en canto ao ámbito territorial para o exercicio de calquera dereito que desta deriva.

O prezo pola cesión destes dereitos está comprendido no da licitación e a Administración contratante non está obrigada a aboar ningunha cantidade suplementaria pola cesión de tales dereitos ou pola entrega de soportes que conteñan as creacións derivadas do contrato. A execución do contrato leva consigo á Administración contratante o dereito de uso dos ditos produtos. Ademais, esta poderá autorizar a seu uso aos entes, organismo e entidades pertencentes ao sector público a que se refire o artigo 3 da LCSP.

9.8.- Réxime de penalidades

9.8.1.- Incumprimentos do contrato e penalidades

O órgano de contratación poderá acordar a imposición ao contratista das penalidades previstas no apartado 14 do cadro de características deste prego, previa tramitación do procedemento previsto na cláusula seguinte, polos incumprimentos que se establezan no cadro de características e, en todo caso, polos seguintes:

1.- Incumprimento do compromiso de adscrición dos medios necesarios para a execución do contrato

O incumprimento do compromiso de adscrición dos medios necesarios para a execución do contrato que, de ser o caso, se esixa no cadro de características, cando non fose considerada unha obriga esencial polo dito apartado, dará lugar a imposición de penalidades á que se refire o artigo 192.1 da LCSP, na contía que se estableza no apartado 14 do cadro de características.

2.- Incumprimento das condicións especiais de execución do contrato

O incumprimento das condicións especiais de execución do contrato recollidas no apartado 13 do cadro de características de acordo co establecido no artigo 202 da LCSP poderá dar lugar á imposición das penalidades que se sinalen no apartado 14 do dito cadro, conforme ao establecido polo artigo 192 da LCSP.

3.- Demora na execución do contrato

Cando o contratista, por causas imputables a si mesmo, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total do contrato, a Administración poderá optar, indistintamente:

a) Pola resolución do contrato, que se acordará de conformidade co establecido no artigo 195.1 da LCSP.

b) Pola imposición das penalidades diarias de acordo co disposto no artigo 193 da LCSP, nas proporcións que se establecesen no apartado 14 do cadro de características do contrato.

A aplicación e o pago das penalidades non exclúen a indemnización á que a Administración poida ter dereito polos danos e prexuízos ocasionados con motivo do atraso imputable ao contratista. As penalidades faranse efectivas de acordo co establecido polo artigo 194.2 da LCSP.



Esta mesma facultade terá a Administración respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

A constitución en mora do contratista non requirirá intimación previa por parte da Administración.

Se se produce atraso no cumprimento dos prazos por causas non imputables ao contratista, a Administración poderá, por petición deste ou de oficio, conceder a prórroga adecuada, de acordo co disposto no artigo 195.2 da LCSP.

4.- Cumprimento defectuoso da prestación

No caso de cumprimento defectuoso da prestación obxecto do contrato, a Administración poderá impoñer unha penalización económica proporcional á gravidade do incumprimento, que de ser o caso se indicará no apartado 14 do cadro de características, de conformidade co regulado no artigo 192 da LCSP.

Consideraranse como cumprimento defectuoso, entre outros, os seguintes supostos:

a) O cumprimento das prestacións obxecto do contrato en termos diferentes ao establecido en calquera da documentación que rexe o contrato e, especialmente, en termos diferentes aos ofertados polo adxudicatario.

b) A realización de accións ou omisións do contratista que alteren de xeito notorio a regularidade no desenvolvemento da execución do contrato.

c) A desobediencia das ordes, directrices e instrucións impartidas ao contratista pola Administración durante a execución do contrato.

5.- Incumprimento parcial da prestación

Cando por causas imputables ao contratista se incumplan parcialmente as prestacións obxecto do contrato, a administración poderá optar, de acordo co establecido no artigo 192.2 da LCSP, pola súa resolución, ou pola imposición das penalidades nas proporcións que se sinalen no apartado 14 do cadro de características.

Entenderase por incumprimento parcial a non realización de calquera das prestacións, actividades e/ou traballos recollidos no contrato e, especialmente, os ofertados polo adxudicatario, sempre que non estean previstos especificamente nalgún dos apartados anteriores.

6.- Incumprimento das obrigas en materia de subcontratación

O incumprimento das esixencias en materia de subcontratación ás que se refiren os artigos 215.2 e 217.1 da LCSP, poderá dar lugar á imposición das penalidades que se prevexan, de ser o caso, no apartado 14 do cadro de características.

9.8.2.- Procedemento de imposición de penalidades

Salvo nos casos indicados nos que non se necesite intimación previa por parte da Administración, cando o contratista incorra nalgún dos incumprimentos previstos na cláusula



anterior, requiriráselle o cumprimento inmediato das disposicións do contrato, previamente á incoación do procedemento de imposición de penalidades. No suposto de que o contratista non atendese o requirimento, ou unha vez transcorrido o prazo establecido nel non levase a efecto as actuacións requiridas, o órgano de contratación poderá incoar o procedemento de imposición de penalidades.

As penalidades que correspondan imponse por acordo do órgano de contratación, adoptado a proposta do responsable do contrato, previa audiencia do contratista por un prazo de 10 días hábiles. O acordo será inmediatamente executivo, e as penalidades faranse efectivas mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban abonarse ao contratista ou sobre a garantía que, de ser o caso, constituíuse, cando non poidan deducirse dos mencionados pagos, de conformidade co disposto no artigo 194 da LCSP.

Unha vez notificado o acordo de imposición de penalidades, en caso de persistir o incumprimento, o órgano de contratación poderá acordar a imposición dunha nova penalidade pola mesma causa.

En todo caso, nos supostos en que non estea prevista unha penalidade ou cando estando prevista a mesma non cubrise os danos causados á Administración, esta esixirá ao contratista a indemnización polos danos e prexuízos ocasionados.

As penalidades serán proporcionais á gravidade do incumprimento. Para a cualificación da gravidade do incumprimento e a gradación da penalidade, que deberá ser motivada, valoraranse como criterios as causas que orixinaron os incumprimentos, a intencionalidade do contratista e a súa colaboración en orde á regularización da situación xerada polo incumprimento, os prexuízos ocasionados, as interferencias ou riscos que o incumprimento produza na execución do contrato, a duración do período de morosidade no pagamento a subcontratistas e subministradores, ou a reiteración, entendida como a circunstancia de ter sido penalizado con anterioridade dentro do ámbito do contrato, así como calquera outro feito, circunstancia ou aspecto técnico que poda considerarse relevante atendendo ao caso concreto.

Aos efectos previstos no artigo 192 da LCSP, a contía de cada unha das penalidades non poderá superar o 10% do prezo do contrato, IVE excluído, nin o total das mesmas ser superior ao 50% do prezo do contrato, IVE excluído.

10.- MODIFICACIÓN DO CONTRATO

10.1.- Modificación do contrato

Sen prexuízo dos supostos previstos na LCSP respecto da sucesión na persoa do contratista, cesión do contrato, revisión de prezos e ampliación do prazo de execución, os contratos administrativos só poderán ser modificados por razóns de interese público nos casos e na forma previstos nos artigos 203 a 206 e a disposición adicional 33 da LCSP, e de acordo co procedemento regulado no artigo 191, coas particularidades previstas no artigo 207.

Os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación só poderán modificarse durante a súa vixencia cando se dea algún dos seguintes supostos:

a) Cando así estea previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, nos termos e condicións establecidos no artigo 204;



b) Excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, a condición de que se cumpran as condicións que establece o artigo 205.

En calquera outros supostos, se fose necesario que un contrato en vigor se executase en forma distinta á pactada, deberá procederse á súa resolución e á celebración doutro baixo condiciónelas pertinentes, no seu caso previa convocatoria e tramitación dunha nova licitación pública

10.1.1.- Modificacións previstas na documentación que rexe a licitación

De conformidade co establecido no artigo 204 da LCSP establécense os seguintes supostos de modificación:

a) O contrato poderá modificarse co obxectivo de dar cumprimento aos principios de sustentabilidade financeira e estabilidade orzamentaria.

As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución. Entenderase que concorren causas económicas que xustifican a modificación cando se produza unha situación de diminución dos ingresos recadados respecto ás previsións dos orzamentos aprobados.

Tamén se considerará que concorren causas económicas cando:

- Se produza un descenso na transferencia de subvencións finalistas do Estado respecto das previsións efectuadas inicialmente na aprobación dos orzamentos que financian as prestacións contratadas.
- Se adopten medidas derivadas dun plan de axuste aprobado de acordo coa normativa vixente de estabilidade orzamentaria polas autoridades competentes.
- Se adopten medidas legais de axuste que determinen a modificación do contrato.
- Sexa necesario efectuar unha modificación orzamentaria que afecte ás partidas coas que se financian as prestacións contratadas para atender a servizos públicos esenciais entendendo por tales a sanidade, servizos sociais, atención de emerxencias, etc.

O procedemento que se aplicará para estas modificacións será o previsto no artigo 191 da LCSP, para o cal deberá darse audiencia ao contratista.

Naqueles supostos en que a modificación esixida excedese o límite previsto no presente prego para o exercicio desta potestade, o órgano de contratación promoverá a resolución do contrato para evitar unha lesión grave aos intereses públicos.

OBXECTO DAS MODIFICACIÓNS:

1.1.- Modificacións que teñan por obxecto a redución do volume das obrigas

As modificacións que teñan por obxecto a redución do volume das obrigas serán efectuadas na porcentaxe que veña esixida polas circunstancias antes expresadas e cun límite máximo do 20% do prezo inicial do contrato.

As modificacións poderán afectar a unha redución do volume de todas as prestacións obxecto do contrato, salvo que se especifiquen, no seu caso, no cadro de características e no prego de prescricións técnicas.



A redución do prezo do contrato será proporcional á redución das prestacións, de forma que se respecte a ecuación financeira do contrato orixinario, sen alterar o seu equilibrio económico, atendendo aos prezos unitarios das unidades nas que se descompoña a prestación, ou, de no existir estes, atendendo á porcentaxe que representen as prestacións reducidas sobre o prezo total.

1.2.- Modificacións que teñan por obxecto a ampliación do prazo de execución do contrato

Cando o obxecto do contrato consista nunha prestación para a que se tivese establecido unha data de realización ou entrega, o órgano de contratación poderá ampliar o prazo de execución do contrato e proceder a un axuste de anualidades.

O axuste de anualidades só será realizado na medida que veña esixida polo mantemento do seu financiamento orzamentario.

O límite máximo de ampliación será o do triplo do prazo de execución previsto inicialmente.

b) A posibilidade de modificación do contrato naqueles outros supostos que, no seu caso, a tal efecto se establezan no apartado 17 do cadro de características que acompaña este prego e/ou no prego de prescricións técnicas, detallando as condicións nas que o órgano de contratación poderá facer uso desta potestade, o seu alcance e límites, así como a porcentaxe do prezo do contrato ao que como máximo pode afectar a modificación e o procedemento.

De acordo co artigo 191 da LCSP, nos procedementos que se instrúan para a adopción de acordos relativos á modificación do contrato, deberá darse audiencia ao contratista.

Nos casos en que, de conformidade coas normas reguladoras do procedemento, se esixa a constitución de garantía definitiva e como consecuencia dunha modificación do contrato experimente variación o prezo do mesmo, deberá axustarse a garantía definitiva, aos efectos do disposto no artigo 109.3 da LCSP.

Estes acordos de modificación deben de ser adoptados previo informe do servizo xurídico correspondente e as modificacións do contrato deberán formalizarse de conformidade ao disposto no artigo 153 da LCSP e deberán publicarse de acordo co establecido nos artigos 207 e 63.

En ningún caso suporán o establecemento de novos prezos unitarios non previstos no contrato nin a alteración da natureza global do contrato inicial segundo o disposto no artigo 204 da LCAP.

10.2.- Cesión e subcontratación

Os dereitos e obrigas dimanantes do presente contrato poderán ser cedidos polo adxudicatario a un terceiro nos supostos e cos límites e requisitos establecidos no artigo 214 da LCSP.

Salvo que no apartado 12 do cadro de características do contrato se prohiba a subcontratación, o contratista poderá subcontratar con terceiros a execución parcial do contrato nas condicións que se indiquen no dito cadro, de conformidade co artigo 215, 216 e 217 da LCSP.

De conformidade co artigo 215.2.b) da LCSP, o adxudicatario deberá comunicar anticipadamente e por escrito, tras a adxudicación do contrato e, a mais tardar, cando inicie a execución do contrato, ao órgano de contratación a intención de celebrar os subcontratos,



senalando a parte da prestación que se pretende subcontratar, a identidade, datos de contrato e representante ou representantes legais dos subcontratistas, xustificando suficientemente a aptitude deste para executala por referencia aos elementos técnicos e humanos de que dispón e a súa experiencia, e acreditando que o subcontratista non se atopa incurso en prohibición de contratar de acordo do previsto no artigo 71 da LCSP. Non obstante, aplicarase o réxime establecido no artigo 215.2, letras a) e c) da LCSP respecto dos subcontratistas identificados polo licitador para suplir a clasificación esixida para un determinado grupo.

Cando o contratista incumpra as condicións para a subcontratación establecidas no artigo 215.2 da LCSP ou o límite máximo especial que poida establecerse para a subcontratación no apartado 16 do cadro de características, o órgano de contratación poderá impoñer as penalidades previstas o apartado 18 do cadro de características.

De conformidade co artigo 217.1 da LCSP, a Administración contratante poderá comprobar o estrito cumprimento dos pagos que o contratista adxudicatario do contrato deba facer a todos os subcontratistas ou subministradores que participen no mesmo.

En tal caso, o contratista adxudicatario remitirá á Administración contratante, cando esta o solicite e no prazo máximo de 15 días, unha relación detallada daqueles subcontratistas ou subministradores que participen no contrato cando se perfeccione a súa participación, xunto con aquelas condicións de subcontratación ou subministración de cada un deles que garde unha relación directa co prazo de pagamento. Así mesmo, deberán achegar por solicitude da Administración contratante xustificante de cumprimento dos pagamentos a aqueles unha vez rematada a prestación dentro dos prazos de pagamento legalmente establecidos no artigo 216 e na Lei 3/2004, do 29 de decembro, no que lle sexa de aplicación.

Estas obrigas consideraranse condicións especiais de execución, cuxo incumprimento, ademais das consecuencias previstas polo ordenamento xurídico, permitirá a imposición das penalidades que no seu caso se establezan no apartado 14 do cadro de características do prego, ou ser considerado como causa de resolución de conformidade co previsto no apartado 18 do cadro de características, por ter aquela obriga a consideración de esencial.

11.- SUCESIÓN DA PERSOA DO CONTRATISTA

Nos casos de fusión de empresas nos que participe a sociedade contratista, continuará o contrato vixente coa entidade absorbente ou coa resultante da fusión, que quedará subrogada en todos os dereitos e obrigas dimanantes do mesmo. Igualmente nos supostos de escisión, achega ou transmisión de empresas ou ramas de actividade das mesmas, continuará o contrato coa entidade á que se atribúa o contrato, que quedará subrogada nos dereitos e obrigas dimanantes do mesmo, sempre que reúna as condicións de capacidade, ausencia de prohibición de contratar, e a solvencia esixida ao acordarse a adxudicación, ou que as diversas sociedades beneficiarias das mencionadas operacións, e no caso de subsistir, a sociedade da que proveñan o patrimonio, empresas ou ramas segregadas, se responsabilicen solidariamente con aquelas da execución do contrato. Se non puidese producirse a subrogación por non reunir a entidade á que se atribúa o contrato as condicións de solvencia necesarias resolverase o contrato, considerándose para todos os efectos como un suposto de resolución por culpa do adxudicatario.

Para os efectos anteriores, a empresa deberá comunicar ao órgano de contratación a circunstancia que se produciu.

Cando o contratista inicial sexa unha unión temporal de empresas, estarase ao establecido no artigo 69 da LCSP.



12.- EXTINCIÓN DO CONTRATO

12.1.- Extinción do contrato

De conformidade co disposto no artigo 209 da LCSP, o contrato extinguirase polo seu cumprimento ou por resolución

12.2.- Cumprimento do contrato e recepción da subministración

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando este realizase a totalidade do seu obxecto, de conformidade co establecido neste prego e, no seu caso, no prego de prescricións técnicas, e á satisfacción da Administración contratante, cuxa conformidade se fará constar de forma expresa dentro do prazo dun mes de terse producido a entrega o realización do obxecto do contrato, ou no prazo que se determine, de ser o caso, no apartado 3 do cadro de características deste prego.

Se os bens non estivesen en condicións de ser recibidos, deixarase constancia expresa de tal circunstancia na acta de recepción e daranse as instrucións precisas ao contratista para que emende os defectos observados, ou proceda a unha nova subministración de conformidade co pactado.

Poderá realizarse a recepción parcial daquelas partes do contrato susceptibles de seren executadas por fases e de seren utilizadas de forma separada ou independente.

12.3.- Garantía da subministración

O obxecto do contrato quedará suxeito ao prazo de garantía que se indica no apartado 4 do cadro de características do prego, ou o que, de ser o caso se establecese no contrato por mellora do adxudicatario, contado dende a data de recepción ou conformidade.

Sempre que se xustifique debidamente no expediente de contratación, exceptúanse deste prazo de garantía os contratos en que non resultase necesario, en atención a natureza e características dos bens; neste suposto sinalarase esta circunstancia no citado apartado do cadro de características.

Se durante o prazo de garantía se acreditase a existencia de vicios ou defectos nos bens subministrados, a administración contratante terá dereito a reclamar do contratista a reposición dos que resulten inadecuados ou a reparación dos mesmos se fose suficiente. Durante o prazo de garantía o contratista terá dereito a coñecer e ser oído sobre a aplicación dos bens subministrados.

Se durante o prazo de garantía o órgano de contratación estima que os bens subministrados non son aptos para a finalidade pretendida, como consecuencia dos vicios ou defectos imputables ao contratista, e exista a presunción de que a reposición ou reparación dos bens non serán bastantes para lograr aquela finalidade, poderá, antes de rematar o prazo de garantía, rexeitar os bens deixándoos de conta do contratista e quedando exento da obriga de pago ou tendo dereito, no seu caso, á recuperación do prezo satisfeito.

Rematado o prazo de garantía sen que a Administración contratante formalizase ningún dos reparos ou denuncias aos que se refire o artigo 305 da LCSP, o contratista quedará exento da responsabilidade por razón dos bens subministrados.

12.4.- Resolución do contrato



O contrato extinguirase pola súa resolución, acordada pola concorrencia dalgunha das causas que se sinalan nos artigos 211 e 306 da LCSP, o que dará lugar aos efectos previstos nos artigos 216 e 307 da LCSP. Así mesmo, de conformidade co sinalado no artigo 211.f) serán consideradas causas de resolución do contrato os incumprimentos das restantes obrigas esenciais sinaladas no apartado 18 do cadro de características deste prego.

En todo caso, será causa de resolución a imposibilidade de executar a prestación nos termos inicialmente pactados, cando non sexa posible modificar o contrato conforme aos artigos 204 e 205 da LCSP.

Nos casos en que se esixa o deber de gardar sixilo, producirá igualmente a resolución do contrato o incumprimento polo contratista do deber de gardar sixilo a que se refire a cláusula 9.7.6, respecto dos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato e chegasen ao seu coñecemento con ocasión deste.

12.5.- Devolución ou cancelación da garantía

Nos casos en que, de conformidade coas normas reguladoras do procedemento, se esixa a constitución de garantía definitiva, o réxime de devolución ou cancelación será o establecido no artigo 111 da LCSP e nos apartados seguintes.

Cumpridas polo contratista as obrigas derivadas do contrato, se non resultaren responsabilidades que se deban exercer sobre a garantía definitiva, e transcorrido o período de garantía, de ser o caso, dítarase acordo de devolución ou cancelación daquela, logo de informe favorable do responsable do contrato ou de quen exerza a dirección do contrato.

No suposto de recepción parcial, autorizarase a devolución ou cancelación da parte proporcional da garantía, logo de solicitude do contratista.

Transcorrido o prazo dun ano dende a data de terminación do contrato, e vencido o prazo de garantía, sen que a recepción formal e a liquidación tivesen lugar por causas non imputables ao contratista, procederase, sen mais demora, á devolución ou cancelación das garantías, sempre que non se producisen as responsabilidades a que se refire o artigo 110 da LCSP.

Cando o valor estimado do contrato sexa inferior a 100.000 euros, ou cando as empresas licitadores reúnan os requisitos de pequena ou mediana empresa, definida segundo o establecido no Regulamento (UE) nº 651/2014, polo que se declaran determinadas axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de Funcionamento da Unión Europea e non estean controladas directa ou indirectamente por outra empresa que non cumpra tales requisitos, o prazo reducirase a seis meses.

ANEXOS AO PRESENTE PREGO

Anexo I. Orientacións para cumprimentar o DEUC.

Anexo II. Declaración responsable complementaria ao DEUC.

Anexo III. Modelo de proposición económica e outros criterios avaliáveis de forma automática.





Prego de cláusulas administrativas particulares informado pola Asesoría Xurídica da Secretaría Xeral da Presidencia o 21/05/2019, unha vez visto o prego de prescricións técnicas particulares.
(Referencia SSC: C//000941/2019/05).

CVE: Rmk1CmDq71
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



RESOLUCIÓN APROBACIÓN PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E O SEU CADRO DE CARACTERÍSTICAS

Visto o presente **PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DOCUMENTALMENTE SIMPLIFICADA POLO PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, TRAMITACIÓN ORDINARIA, NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA E VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DA SUBMINISTRACIÓN DUNHA EMBARCACIÓN TIPO 49erFX (EXPEDIENTE 7/2019)**

En cumprimento do disposto no artigo 122 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, logo de ver o presente prego de cláusulas administrativas particulares da subministración dunha embarcación tipo 49erFX, xunto co seu cadro de características e tres anexos:

Este órgano de contratación acorda aprobalo nos termos expostos.

Santiago de Compostela,
O secretario xeral para o Deporte

José Ramón Lete Lasa

Coñecido e aceptado na súa totalidade
O CONTRATISTA,



ANEXO I

ORIENTACIÓNS PARA CUMPRIMENTAR O DEUC

En aras de facilitar a cumprimentación por parte das empresas do modelo de formulario normalizado do DEUC que establece o anexo II do Regulamento de Execución (UE) nº 2016/7 da Comisión, do 5 de xaneiro de 2016, polo que se establece o formulario normalizado do documento europeo único de contratación, fórmulanse a continuación as seguintes orientacións:

a) De conformidade co establecido na parte II, sección A, quinta pregunta dentro do apartado titulado «Información xeral», do formulario normalizado do DEUC, as empresas que figuren inscritas nunha «lista oficial de operadores económicos autorizados» só deberán facilitar en cada Parte do formulario aqueles datos e informacións que, no seu caso concreto, non estean inscritos nestas «listas oficiais». Así en España as empresas non estarán obrigadas a facilitar aqueles datos que xa figuren inscritos de maneira actualizada no Rexistro de Licitadores que corresponda, xa sexa o Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (ROLECE) ou o Rexistro Xeral de contratistas de Galicia (RXCG) co alcance previsto no artigo 327.1 do TRLCSP, a condición de que as empresas inclúan no formulario normalizado do DEUC a información necesaria para que o órgano de contratación poida realizar o acceso correspondente (dirección da internet, todos os datos de identificación e, no seu caso, a necesaria declaración de consentimento).

Para o caso de que a empresa se atope inscrita no ROLECE ou no RXCG, a continuación esta Recomendación indica, respecto de cada unha das partes do formulario, que datos son susceptibles de figurar inscritos nos rexistros e cales non. Dado que algúns destes datos deben subministrarse, en todo caso, pola empresa e outros son voluntarios. Limitarémonos a sinalar en cada caso se os datos que reclaman o formulario son ou non son potencialmente inscribibles, debendo a empresa asegurarse de cales efectivamente están inscritos e actualizados e cales non están inscritos ou estándose non están actualizados, no seu caso concreto.

b) O acceso por parte dos órganos de contratación aos rexistros de licitadores así mesmo ten o efecto establecido no artigo 59.5 DN. Así aínda que, de acordo co artigo 59.4 DN con carácter xeral o órgano de contratación poderá requirir aos candidatos e licitadores durante a tramitación do procedemento de contratación e para garantir o bo desenvolvemento do mesmo para que acheguen documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos de acceso á licitación, e con carácter previo á adxudicación o primeiro deberá esixir ao adxudicatario a presentación destes documentos xustificativos; o artigo 59.5 DN matiza o establecido no apartado anterior do mesmo artigo ao eximir aos licitadores e candidatos de presentar aqueles documentos xustificativos que proben informacións que poidan ser acreditadas mediante unha certificación expedida polo Rexistro de licitadores que corresponda [ROLECE ou RXCG].

Parte I

Recolle a información sobre o procedemento de contratación e sobre o órgano de contratación.

O seu enchemento non reviste complexidade xa que todos os datos constan no anuncio ou nas plataformas de contratación.

Parte II

Recolle información sobre a empresa interesada.

Como xa se indicou, aquelas empresas que figuren inscritas nun Rexistro de Licitadores só deberán facilitar nesta parte II do formulario aquela información que non figure inscrita ou que, aínda estando inscrita, a información non conste de maneira actualizada. Por iso a continuación segue un cadro que, a modo de orientación, indica que información ou datos poderían estar inscritos e cales non, coa finalidade de que as empresas saiban:

1. Que datos deberán ser achegados mediante o formulario normalizado DEUC en todo caso, por non obrar en poder do ROLECE ou RXCG.



2. Que datos son susceptibles de estar inscritos no ROLECE ou RXCG e, por tanto, poderían deixarse sen cumprimentar no formulario.

Correspóndelle á empresa comprobar se no seu caso concreto eses datos ou informacións efectivamente están inscritos nos rexistros, e se o están, deberá asegurarse de que constan no mesmo de maneira actualizada.

Parte II. Información sobre o operador económico

Sección	¿É un dato/información susceptible de estar inscrito no ROLECE ou RXCG?
Sección A	
Identificación.	Os datos incluídos neste apartado deben ser cumprimentados pola empresa. Como número de IVE deberase recoller o NIF cando se trata de cidadáns ou empresas españois, o NIE cando se trata de cidadáns residentes en España, e o VIES ou DUNS cando se trata de empresas estranxeiras.
Información xeral:	
Se fora o caso ¿figura o operador económico inscrito nunha lista oficial de operadores económicos autorizados ou ten un certificado equivalente (por exemplo, no marco dun sistema nacional de (pre)clasificación)? En caso afirmativo: -Rexistro no que está inscrito e nº de inscrición	Si () Non () Non Procede () () ROLECESP () Rexistro Xeral de contratistas da C.A. de Galicia () ROLECESP: https://registrodelicitadores.gob.es , Xunta Consultiva de contratación administrativa do Estado (Como número de inscrición o certificación basta con consignar el propio NIF, NIE, VIES o DUNS de la empresa.) () Rexistro Xeral de contratistas dá Comunidade Autónoma de Galicia: nº de inscrición: _____ http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/registro-xeral-de-contratistas/servizos-telematicos Xunta consultiva de contratación administrativa dá Comunidade Autónoma de Galicia NON CUBRIR SI ESTÁ INSCRITO NALGÚN DOS REXISTROS
Certificación en formato electrónico	
Indicar grupo, subgrupo e categoría da clasificación do contratista	Si () Non ()
Coa clasificación se cumpren todos os criterios de selección? En caso negativo cumprimente a parte IV deste formulario (seccións A,B,C ou D, segundo proceda.	Si () Non ()
Poderá a empresa presentar un certificado respecto ao cumprimento coas obrigas coa Seguridade Social e impostos que permita ao poder adjudicador obtelo directamente a través dunha base de datos nacional de calquera estado que poida consultarse gratuitamente?	Poñer enderezo da páxina web, autoridade ou organismo expedidor e referencia exacta da documentación () Rexistro Xeral de contratistas dá Comunidade Autónoma de Galicia: http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/registro-xeral-de-contratistas/servizos-telematicos Xunta consultiva de contratación administrativa dá Comunidade Autónoma de Galicia
Dispoñible en formato electrónico	
Forma de participación.	
Está participando o operador económico no procedemento de contratación xunto con outros?	Si () Non ()
En caso afirmativo	Identificar con NIF, NIE, VIES o DUNS de la empresa,.



b) Identifíquese aos demais operadores económicos que participan no procedemento de contratación conxuntamente.	No caso de estar en algún de los rexistros de licitadores, indicar: () ROLECESP: https://registrodelicitadores.gob.es , Xunta Consultiva de contratación administrativa do Estado (Como número de inscrición o certificación basta con consignar el propio NIF, NIE, VIES o DUNS de la empresa.) () Rexistro Xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia: nº de inscrición: _____ http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/patrimonio/rexistro-xeral-de-contratistas/servizos-telematicos Xunta consultiva de contratación administrativa da Comunidade Autónoma de Galicia
---	---

Na Parte II, no apartado B, denominado *Información sobre os representantes do operador económico*, a sección dedicada á Representación non é necesario que sexa cumprimentada se o licitador está no Rexistro Xeral de contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia.

<p>Sección B</p> <p>Representación</p> <p>Nome e apelidos: Cargo: Enderezo Postal: Teléfono: Correo electrónico: Información sobre representación (forma, alcance, finalidade,...)</p>	NON CUBRIR SI ESTÁ INSCRITO NALGÚN DOS REXISTROS
---	--

Parte III

Relativa aos motivos de exclusión.

Dado que o formulario normalizado do DEUC non recolle referencia algunha á nosa lexislación, para facilitar a adecuada cumprimentación por parte das empresas desta Parte do formulario a continuación segue unha táboa de equivalencias entre cada unha das preguntas que deben responder as empresas, os artigos da DN e, por último os artigos da nosa LCSP que deron transposición ao artigo 57 DN.

A Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, regula as prohibicións de contratar nos artigos 71, 72 e 73.

Dado que non todas as prohibicións para contratar están inscritas no ROLECE e/ou RXCG, as empresas deberán responder a todas as preguntas que se formulan nesta parte III do formulario normalizado do DEUC.

Táboa de equivalencias relativa á parte III do DEUC

Parte III, n.º de Sección	DN	LCSP
Sección A	Artigo 57.1.	Artigo 71.1.a) (excepto os delitos contra a Facenda Pública e a Seguridade Social relativos ao pago de tributos e cotizacións á Seguridade Social).
Sección B	Artigo 57.2.	Artigo 71.1: Letra a) (cando se trate de delitos contra a Facenda Pública ou contra a Seguridade Social, relativos ao pago de tributos e cotizacións á Seguridade Social). Letra d), primeiro parágrafo, primeiro inciso. Letra f) (cando se trate de sancións administrativas firmes impostas con arranxo á Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria).
Sección C:		
Primeira pregunta	Artigo 57.4.a).	Artigo 71.1.b) (cando non sexa infracción moi grave en materia profesional ou en materia de falseamento da competencia); Artigo 71.1.d) primeiro parágrafo, segundo inciso (no relativo ao incumprimento do requisito do 2 por 100 de empregados con discapacidade.).
Segunda pregunta	Artigo 57.4.b).	Artigo 71.1.c).



Terceira pregunta	Artigo 57.4.c).	Artigo 71.1.b) (infracción moi grave en materia profesional que poña en dúbida a súa integridade)
Cuarta pregunta	Artigo 57.4.d).	Artigo 71.1.b) (infracción moi grave en materia de falseamento da competencia).
Quinta pregunta	Artigo 57.4, letra e).	Artigo 71.1.g) e h).
Sexta pregunta	Artigo 57.4, letra f).	Artigo 70.
Sétima pregunta	Artigo 57.4.g).	Artigo 71.2, letras c) e d).
Oitava pregunta:		
Letras a), b) e c)	Artigo 57.4.h).	Artigo 71.1, letra e) e 71.2, letras a) e b).
Letra d)	Artigo 57.4.i).	Artigo 71.1.e).
Seccion D	-----	Artigo 71.1.f) (cando se trate de sanción administrativa firme de acordo co previsto na lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións)

D: Outros motivos de exclusión que poden estar previstos na lexislación nacional do estado membro do poder adxudicador

Declaróuselle a prohibición para contratar imposta en virtude de sanción administrativa firme de acordo co previsto na lei 38/2003, de 17 de novembro xeral de subvencións? Se é afirmativo, especifíquese	Si () Non () Se é afirmativo, Adoptou medidas autocorrectoras? Si () Non () Describir as medidas:
---	--

Parte IV

Relativa aos criterios de selección.

Convén destacar, respecto da Parte IV, que os poderes e entidades adxudicadores poderán limitar a información requirida sobre os criterios de selección a unha soa pregunta, a saber, se os operadores económicos cumpren ou non todos os criterios de selección necesarios. Nese caso bastará responder SI ou NON no apartado titulado “*Indicación global relativa a todos os criterios de selección*” quedando excluída a cumprimentación dous apartados seguintes:

- A: Idoneidade
- B: Solvencia económica e financeira
- C: Capacidade técnica e profesional
- D: Sistemas de aseguramento da calidade e normas de xestión ambiental

Do mesmo xeito que na parte II, aquelas empresas que figuren inscritas nun Rexistro de Licitadores só deberán facilitar nesta parte IV do formulario aquela información que non figure inscrita ou que, aínda estando inscrita, a mesma non conste de maneira actualizada. Neste apartado novamente indícase, a modo orientativo respecto do ROLECE e do RXCG, que información ou datos poderían estar inscritos e cales non.

Parte IV. Criterios de selección

Sección	¿É un dato/información susceptible de estar inscrito no ROLECE?
A [«Indicación (...)»].	
A («Idoneidade»).	
Figura inscrito nun Rexistro profesional ou mercantil no seu estado membro de establecemento?	Non está no ROLECE, se o empresario está inscrito nun rexistro profesional. Si podería estar no ROLECE, se o empresario está inscrito nun rexistro mercantil, de cooperativas, de fundacións ou de asociacións.
Cando se trate de contratos de servizos, é preciso dispor dunha autorización específica ou estar afiliado a una determinada organización para poder prestar o servizo de que se trate no país de establecemento do operador económico?	Si podería estar no ROLECE cando con arranxo á lexislación nacional requírese unha autorización, colexiación ou similar para prestar o servizo de que se trate.
B (Solvencia)	



O seu volume de negocios anual (xeral), durante o nº de exercicios esixido no anuncio pertinente ou nos pregos de contratación é o seguinte...	Si podería estar no ROLECE.
O seu volume de negocios anual (medio), durante o nº de exercicios esixido no anuncio pertinente ou nos pregos de contratación é o seguinte...	Non está no ROLECE, pero o volume de negocios anual medio en calquera período é calculable a partir dos datos do volume anual de negocios durante os exercicios correspondentes (datos inscribibles, indicados na pregunta anterior)
Si non se dispón da información sobre o volume de negocios (xeral ou específico) en relación con todo o período considerado, indíquese a data de creación da empresa ou de inicio das actividades do operador económico	Si podería estar no ROLECE.
En relación coas ratios financeiras que se especifican no anuncio pertinente ou nos pregos de contratación, o operador económico declara que o valor real das ratios requiridas é o seguinte...	Non está no ROLECE, pero todas as ratios financeiras son calculables a partir dos datos financeiros das contas anuais (datos que si son inscribibles).
O importe asegurado no seguro de indemnización por riscos profesionais é o seguinte...	Si podería estar no*ROLECE.

Parte V

Relativa aos criterios para reducir o número de candidatos aos que se convidará a presentar oferta.

O empresario deberá cumprimentar esta parte unicamente cando se trate de procedementos restrinxidos, negociados con publicidade e de diálogo competitivo.

Parte VI

Relativa ás declaracións finais.

Esta parte debe ser cumprimentada e asinada pola empresa interesada en todo caso.



CONTRATACIÓN DOCUMENTALMENTE SIMPLIFICADA POLO PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, TRAMITACIÓN ORDINARIA, NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA E VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DA SUBMINISTRACIÓN DUNHA EMBARCACIÓN TIPO 49erFX (EXPEDIENTE 7/2019)

ANEXO II

DECLARACIÓN COMPLEMENTARIA AO DEUC

(a incluír nun único sobre ou arquivo electrónico)

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Número de expediente:

Denominación do contrato:

Data da declaración:

DATOS DO DECLARANTE

Nome: Apelidos:

NIF:

Teléfono:

Fax:

Correo electrónico:

Dirección a efectos de práctica de notificacións:

(en caso de actuar en representación)

Entidade mercantil á que representa:

NIF:

Cargo:

1. DECLARO RESPONSABLEMENTE:

- Que son certos os datos que se indican nesta declaración responsable.
- Que nin o asinante da declaración, nin a entidade á que represento, nin ningún dos seus administradores ou representantes, se atopan incursos en suposto algún aos que se refire o artigo 71 da LCSP.
- Que non forma parte dos órganos de goberno ou administración da entidade ningún alto cargo aos que se refire a Lei 3/2015, do 30 de marzo, reguladora do exercicio do alto cargo da Administración Xeral do Estado, da Lei 53/1984 de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, nin se trata de calquera dos cargos electivos regulados na Lei Orgánica 5/1985, de 19 de xuño, do Réxime electoral xeral, nos termos establecidos na mesma.
- Que a entidade se atopa inscrita no rexistro de licitadores que a continuación se indica (márquese o que corresponda), e que as circunstancias da entidade que nel figuran respecto dos requisitos esixidos para a admisión no procedemento de contratación son exactas e non experimentaron variación.

Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (nº _____)

Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia (nº _____)





- Que, en relación co establecido no artigo 149.3 da LCSP e no artigo 86 do RXLCAP sobre empresas vinculadas, a entidade mercantil á que represento (consignar o que proceda):
 - Non pertence a un grupo de empresas nin está integrada por ningún socio no que conorra algún dos supostos establecidos no artigo 42 do Código de Comercio.
 - Pertence ao grupo de empresas ou está integrada por algún socio no que concorre algún dos supostos do artigo 42.1 do Código de Comercio. A denominación social das empresas vinculadas é a seguinte:
 - a)
 - b)
 - c).....
- Que, de acordo co disposto nos artigos 86 do Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas e 149 da LCSP, a entidade á que represento comprométese a achegar ou, se é ou caso, facilitar canta información lle sexa solicitada, no caso de pertencer a un grupo de empresas.
- No caso de unión temporal de empresas indico, ademais, a efectos de notificación, nome e apelidos do representante, enderezo, teléfono e fax de contacto.
- Que a condición da miña empresa é:
 - PEME
 - NON PEME

(A efectos de cumprimentar este apartado considérase PEME a empresa que ocupa menos de 250 persoas e cun volume de negocios anual que non excede de 50 millóns de euros e cun balance xeral que non excede de 43 millóns de euros)

2. OPOSICIÓN EXPRESA Á CONSULTA DE DATOS: De conformidade co disposto no parágrafo 2 do artigo 28 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo das administracións públicas (*sinale unha das dúas opcións seguintes*):

manifesto expresamente a miña oposición a que os datos que obran en poder das administracións públicas e que se me requiran no seo deste procedemento sexan consultados directamente pola administración contratante, e, polo tanto, comprométome a achegar a documentación requirida.

non me opoño que os datos que obran en poder das administracións públicas e que se me requiran no seo deste procedemento sexan consultados directamente pola administración contratante.

3. COMPROMÉTOME A SOLICITAR A ALTA no Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal (accesible na dirección: <https://notifica.xunta.gal/>) e a aceptar e dar por válidas todas as notificacións que se efectúen por esta vía.

Correo electrónico no que recibir os avisos da posta a disposición das notificacións electrónicas:

_____.

Prego de cláusulas administrativas particulares informado pola Asesoría Xurídica da Secretaría Xeral da Presidencia o 21/05/2019, unha vez visto o prego de prescricións técnicas particulares. (Referencia SSC: C//000941/2019/05).

CV: Rmk1CmDq71
Verificación: <https://sede.xunta.gal/cve>



4. DOCUMENTACIÓN CONFIDENCIAL: Ao abeiro do disposto no artigo 133 da LCSP declaro como confidencial os seguintes documentos, informacións e aspectos da oferta por razón da súa vinculación a segredos técnicos ou comerciais: ¹

- 1.
- 2.
- 3.

.....

Que o devandito carácter confidencial xustifícase nas seguintes razóns:

- 1.-
- 2.-
- 3.-

.....

5. CÓDIGO ETICO INSTITUCIONAL DA XUNTA DE GALICIA:

MANIFESTO coñecer ou contido e alcance do Código ético institucional da Xunta de Galicia, aprobado polo Consello da Xunta de Galicia do 24 de xullo de 2014 e publicado por Resolución do 8 de setembro de 2014 (DOG núm. 179 do 19/09/2014).

6. DOCUMENTACIÓN DE DESEMPATE. O licitador declara, para os efectos previstos no artigo 147 da LCSP que no momento de acreditar a solvencia técnica:

1. Dispón de traballadores con discapacidade:

Si (indicar número e a porcentaxe)

Non (Se está incluído nos supostos de exercicio do Real Decreto 364/05, indíquese)

2. Dispón da Marca Galega de Excelencia en Igualdade, nos termos do artigo artigo 75 c) do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (DOG núm. 32, de 17 de febreiro de 2016):

Si Non

3. Ten implantado un plan de igualdade nos termos do artigo 67.4 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade (DOG núm. 32, de 17 de febreiro de 2016):

Si Non

¹ A declaración de confidencialidade non poderá estenderse á totalidade da documentación presentada pola empresa. Nos casos nos que o licitador non efectúe a declaración de confidencialidade, ou ben se efectúe unha declaración xenérica ou incompleta, non se xustifiquen as razóns polas que considera que a documentación reviste carácter confidencial, ou se declare que a totalidade do contido da proposición ten o dito carácter, o órgano de contratación quedará exonerado de calquera responsabilidade pola divulgación dos documentos ou datos aportados polos licitadores realizada en cumprimento das súas obrigas legais de transparencia e publicidade. Así mesmo, unha vez presentadas as ofertas non se permitirá sinalar como confidenciais datos que non fosen designados como tales no momento da súa presentación.



Se o empresario non cumprimenta este anexo, a Mesa de Contratación interpretará que non se atopa en ningún dos supostos mencionados.

7. SOMETEMENTO AO FORO ESPAÑOL. (só para empresarios estranxeiros)

Declaro someterme á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir do contrato con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que me puidera corresponder.

En, a ... de do 20...

Sinatura:



CONTRATACIÓN DOCUMENTALMENTE SIMPLIFICADA POLO PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, TRAMITACIÓN ORDINARIA, NON SUXEITO A REGULACIÓN HARMONIZADA E VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN, DA SUBMINISTRACIÓN DUNHA EMBARCACIÓN TIPO 49erFX (EXPEDIENTE 7/2019)

ANEXO III

MODELO DE OFERTA ECONÓMICA E OUTROS CRITERIOS AVALIABLES DE XEITO AUTOMÁTICO

(a incluír nun único sobre ou arquivo electrónico)

- Sr./Sra.:
- Con enderezo en:
- Provincia:

Para o caso de actuar en representación:

- Como apoderado/a de:
- Con domicilio en:
- Provincia:
- NIF/DNI nº:
- Teléfono:.....Fax:.....
- Correo electrónico:

Enterado das condicións e requisitos para concorrer á contratación da subministración dunha embarcación tipo 49erFx e cumprindo con todos os requisitos e obrigas esixidas pola normativa vixente para contratar coa administración pública, comprométese en nome de (propio ou da empresa que representa), con estrita suxeición aos requisitos que se establecen no prego de cláusulas administrativas particulares e no prego de prescricións técnicas e os seus correspondentes anexos, de acordo coa seguinte oferta:

OFERTA ECONÓMICA	
Prezo da embarcación, sen IVE(*) euros
IVE euros
Prezo da embarcación, con IVE (*) euros
PRAZO DE ENTREGA DENDE A DATA DE FORMALIZACIÓN DO CONTRATO	
Prazo de entrega en días días



(*) O prezo da embarcación inclúe os gastos de xestión da compra, de preparación e de entrega no Centro Galego de Vela en Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).

NOTA: Os licitadores deberán achegar xunto con este Anexo III a marca, modelo e denominación comercial do nivel de acabado da embarcación ofertada, e adaptado ás regras de clase vixentes, de acordo coa última modificación publicada por World Sailing o 22 de marzo de 2019 e que figuran como prego de prescricións técnicas (PPT) desta contratación.

Así mesmo comprométese en nome de ao cumprimento de todas as disposicións vixentes nas materias seguintes:

- Material laboral, de Seguridade Social e de seguridade e hixiene no traballo.
- De protección de datos de carácter persoal.

En, a ... de do 20...

(sinatura e selo do licitador)

